

Moncho Valcarce

Revolucionario e místico

Diario íntimo da doenza final



Encrucillada
Monografías

NOTA A ESTA SEGUNDA EDICIÓN

A presente edición dixital recolle o texto da Monografía Encrucillada *Moncho Valcarce. Revolucionario e místico. Diario íntimo da doenza final*, editado pola Asoc Irimia en Santiago, en 1994.

En 1994 Encrucillada formaba parte da Asociación Irimia. Non foi ata o 31 de maio dese ano 1994 que non nos constituímos como asociación independente, rexistrada na provincia de Pontevedra. Este feito é parte da nosa historia, e é ben recoñecer ás entidades que nos apoiaron ao longo do tempo, nomeadamente a Editorial SEPT, entre 1977 e 1988, e a Asociación Irimia da que formamos parte entre 1988 e 1994.

Feita a aclaración, recuperamos hoxe para todas as persoas de boa vontade aquela primeira Monografía Encrucillada na que publicamos o diario íntimo dun home excepcional: Moncho Valcarce, o cura das Encrobas. O depositario daqueles cadernos nos que Moncho foi escribindo é Vicente Cerdeiriña, ao que hoxe de novo agradecemos a súa xenerosidade por ter confiado en nós para esta edición.

O ano 1994 constituíuse a Irmandade Moncho Valcarce, fundación creada polos seus amigos, compañeiros e familiares, encargada de difundir o seu pensamento e potenciar a súa figura. A Fundación conta cun Centro de Documentación Agrarista moi interesante. Teñen máis información en www.monchovalcarce.org.

Trascrición do texto: Marisa Vidal Collazo
Revisión lingüística: Chema Felpeto Enríquez

ISBN 84-605-0241-4.

Dep. Legal C-369-1994.

Está permitida a súa copia e divulgación sempre que se cite a fonte.

Índice

Prólogo	4
Ramón Valcarce Vega. Pequena biografía desde a amizade	11
Nota sobre a edición	19
Cronoloxía da enfermidade	21
Diario	22
Reflexións persoais	128

PRÓLOGO

Un prólogo ten sempre algo de enfático e mesmo de esaxerado: vai por diante, e precisa salientar aquilo que presenta. Este non pretende escapar ao perigo. Con todo, atrévome a pensar que lle toca unha tarefa especial. Non sempre se ten a ocasión de prologar un diario íntimo; un diario íntimo escrito por un crego; escrito por un crego famoso polo seu extremado e conflictivo compromiso político; e todo iso, ante a ollada xa fixa da morte inminente e recoñecida.

Estas circunstancias resultan tan singulares e significativas por si mesmas, que ao mellor o prólogo debería rematar aquí: simple alerta ao lector para que se adentre, disposto á comunicación e á sorpresa, nunhas páxinas estrañamente densas e estremecidas. Páxinas que, máis que contar, van exercendo elas mesmas a historia dunha maduración lenta, dun profundamento, a un tempo tenro e implacable, no misterio da existencia. Pero, coma sempre, algo hai que dicir, someténdose á disciplina do comentario, á vella ascese da introdución.

Un diario íntimo. Non é corrente na Península -dixose moitas veces- o xénero *diario*. Penso que aínda o é menos entre nós, acaso por esta intimidade, fonda e matizada, circunspecta e un qué desconfiada, que nos caracteriza coma galegos.

Pois aquí estamos diante dun. Auténtico, mesmo nesa íntima e típica ambigüidade de o autor non saber ben se escribe só para el ou ten diante aos demais, ao público. El sabe e proclama non ser do oficio: "escribán" e non escritor (aínda que por veces amosa unha clara vontade de estilo). Precisa ante todo darse conta a si mesmo diso -último e cotián, terrible e familiar- que lle sucede. Pero, simultaneamente, entrega as cuartillas: polo menos dúas veces no *Diario*, encoméndallas a Vicente, o amigo da alma. E a pregunta xorde insistente, para a vida igual que para o *Diario*: ¿vivo desde a autenticidade ou represento un papel ante os espectadores?, ¿son merecidas as loanzas ou están comidas polo afán de ser recoñecido coma "profeta"?

Moncho acepta, humilde, a ambigüidade. Non se deixa inquietar moito por ela. Escribe -el, "un condenado a morte"- porque "me dá a gana": esa é a *súa* verdade, que, polo menos, *quere* ser sincera. Tamén, no fondo, "para dar un cativo exemplo" de como afronta-lo final con secreta alegría: "como manexa-los pés e os brazos para baila-la muiñeira leda da morte". E, ao final, por algún sitio do *Diario*, dáse a si mesmo -e dános a nós- unha clave que, a pesar de todos os posible pesares, sabe auténtica: "sementeí cariño"; é dicir: en definitiva, obrei e obro por amor.

O diario íntimo dun crego. A pregunta anterior cobra un relevo moi peculiar, faise case que lancinante, polo oficio do protagonista. O crego, *separatus ab hominibus*, separado dos demais pola formación, pola sotana, polo celibato, polo xénero de vida, pola relación co sagrado... ten sempre algo de enigmático. Como será, de verdade, por dentro? Crerá no que di? Vida ou simple rol, autenticidade ou representación?

Curiosamente, en Galicia, como por modo dun encanto, en pouquísimo tempo, acaban de aparecer tres respostas. Cada unha co seu ton, dando unha nota particular e irreductible ás outras. Pero as tres con algo común: veñen "desde dentro", e conxuntadas completan dalgún modo un cadro. Non é que resolvan o misterio, pois este marca a nosa esencia identificándose connosco. Pero dificilmente cabe dubidar da súa sinceridade. Por fin, as intimidades expóñense desde o outro lado da escena: ao menos até un certo punto, están expostas á ollada directa.

Unha, a de Mons. Araújo, *Memoria de vida*, chega iluminada pola serena lucidez dun bispo xubilado, que soubo manter ergueita unha sensibilidade galega non corrente nesas alturas. Polo cargo, deixa entrever as contradicións institucionais e sobre todo, pola biografía, pon ao descuberto a prosa da vida clerical: aí está, coas súas pequeneces e mesmo coas súas miserias, pero tamén na súa realidade verdadeira. Nin marabillosa nin maquiavélica: para uns, testemuña de Algo moito meirande ca ela; para outros, reliquia dunha historia xa esgotada. O que non cabe negar é que, polo menos, permite unha ollada obxectiva, un xuízo directo.

Outra, a de Xosé Alvilares, preséntase desde o mesmo título -*Memorial de agravios*- cun estilo máis batallador e con clara intención de elucidación histórica. Saíulle ben, até o punto de que -ao menos mentres haxa entre nós gusto literario e intelectual- vai quedar coma un pequeno clásico da nosa ensaística. E iso é importante, porque tamén aquí o lector sensible percibe, sen medo á equivocación, que está asistindo a un debate real. Ten ante si a historia vivida dunha etapa intensa e difícil, exaltada e contraditoria, dos intentos da fe cristiá por resituarse e recomprenderse nun contexto social, cultural e político radicalmente cambiado. Intentos exitosos ou destinados ao fracaso, ou simplemente un episodio máis na irredutible ambigüidade da fe no seu camiñar pola historia. En todo caso, testemuño da seriedade radical e agónica coa que a poden vivir os seus protagonistas.

A terceira é esta, a de Moncho Valcarce.

O diario íntimo dun crego fronte á morte. Se até aquí eran a vida ordinaria e a preocupación intelectual, agora trátase da aposta última, do xogo sen volta da vida e da morte. ao contacto con estas páxinas o respecto crece por si mesmo coma a herba nos camposantos. Decatámonos de que cómpre entrar cos pés descalzos, porque, de modo instintivo, comprendemos que é sagrado o terreo que pisamos. Tocamos páxinas admirables, lúcidas, sen disimulo posible ante a ollada da esfínxe, conmovidas até a raíz pola presenza xa inminente do misterio derradeiro, animadas en segredo por unha confianza que vai medrando á luz do Rostro que se acerca deixando ver os últimos perfís dun amor sen fondo nin medida.

Admirables son estas páxinas, en primeiro lugar, pola súa naturalidade absoluta, por esa humanidade na que calquera se sente invitado a recoñecerse. O que aparece é un enfermo. Un enfermo coma todos: coas loitas consabidas entre decatarse do perigo e non o ver cando está xa palpable ante os ollos, entre o querer que lle digan a verdade e estar desexando que o enganen; dividido entre o agradecemento polos cuidados, o non querer molestar e a impaciencia cando as atencións se fan atafegantes (que humanísima neste senso a relación coas irmás!). Un enfermo tocado

por esa nova lucidez sobre a vida e o seu pasar: os propios erros, o tempo perdido, a estima do pequeno, a valoración do efémero, precioso xustamente porque pasa. A comprensión, agora afiada na pedra da propia carne, polos vellos, polos que sofren, polos de calquera xeito excluídos do banquete da vida e da saúde, até o extremo conmovedor: "Preguei a Deus que me levase a min e deixase vivir a aquela muller nova". A nostalgia do tempo, a saudade dos amigos, unha inédita preocupación polo mundo.

Admirables tamén porque, sen perder un gramo da súa espontánea densidade humana, nelas todo aparece vivido desde a fe. Coido que nunca lle agradeceremos abondo ao enfermo Moncho, ao crego enfermo Moncho Valcarce, o ter espido así, diante de todos, a última loita -a última "agonía"- da súa vida. Non llo agradeceremos abondo crentes e non crentes.

Os primeiros, porque, sen o pretender, este home de fe rexa e loitadora, de crenza fresca e nada convencional, deunos un exemplo magnífico. Non ten pinta de santo nin a pretende adoptar, mesmo resulta un chisco mal falado e reconece -entre nostáxico e compracido- o seu gusto pola troula e as "copichuelas". Pero desde as primeiras páxinas amósasenos na decisión sen fisuras de querer vivir desde a fe a nova e desconcertante situación. Sen escapismos, sacralizacións ou falsos consolos. Abríndose ao misterio, tratando de comprender, asumindo a enfermidade, afrontando a morte. Cando Moncho quere celebrar lucidamente, en plena conciencia e participación activa, o último sacramento da Unción, comprendemos que está pronunciando a verdade máis fonda da súa vida: culmina de forma visible e fraternal a longa marcha dun proceso invisible, madurado na intimidade dos seus traballos e dos seus días, tantas veces incomprendidos e mesmo calumniados.

Os non crentes, tamén. Moncho non forza nin intenta catequizar. Simplemente ofrécelles a ocasión única de asistiren en persoa ao acontecemento: de comprobaren por si mesmos "de que vai" iso dunha fe vivida, que significa exactamente afrontar a enfermidade e a morte desde a perspectiva dunha esperanza transcendente. Acaso nada máis revelador ao respecto ca aquel episodio, xa cara ao final do *Diario*, á beira da morte: "O

outro día preguntoume o médico, estrañado pola tranquilidade que tiña, se non estaría enganando a todos". Moncho cóntao con claro desconcerto: "Á verdade, non sei a que se refería e quedei un pouco cortado". Pero a pregunta ía con precisa xusteza ao mesmo cerne: esa aceptación e esa serenidade son a verdade da fe e da vida ou simplemente o engano e a máscara do rol? O médico, amigo, seguramente se fiou da resposta externa. Nós temos algo máis: podemos, grazas ao texto íntimo, pasar ao outro lado do espello e dese modo entrar polo propio pé no país da marabilla: "Enganar, disimular, non o fago. Teño medo á dor, e respecto, moito respecto, á morte; pero isto non quere dicir que estea representando un papel teatral e enganándome a min mesmo e ao público. É Deus quen me dá tranquilidade ou a forza para tela".

Pero o definitivamente admirable en todo isto é o movemento de conxunto, a maduración dunha existencia desafiada até o extremo de si mesma pola última das situacións límite, a morte. Impresiona observar o avance na aceptación dos demais. Daquel enfermo inicial que marcha sen comungar dunha misa porque non lle gusta o crego nin se ve "membro daquela comunidade", ao Moncho final, que, sen renunciar ás propias conviccións, comprende e acolle sen condenar, hai un precioso treito de afondamento humano. Léase, se non, o que escribe sobre o episodio tal vez máis conflitivo do seu compromiso de crego e de militante: "quitáranme as parroquias ao entrar no concello como portavoz do BNG, medida que aceptara con dor e recoñecendo a súa prudente legalidade".

Maduración que acaso foi símbolo dunha reconciliación máis profunda consigo mesmo. Non por "conversión" ou cambio de rumbo, senón como reaxustamento definitivo, como baixada estremecida e confiada aos fondos últimos do ser. Aparece, como algo anecdótico pero conmovedor, nese episodio de humildade sobrecollidora que Moncho conta en etapas, desde o propósito temeroso -"Tomei a decisión de ir a Sobrado a falar cun freire, a abrirlle o escondido na cova máis fonda da miña vida"- á realización liberadora: "Hoxe quitei unha lousa que pesaba na miña vida". E aparece, antes de nada, no proceso mesmo de increíble afondamento espiritual, que fai deste *Diario* -e creo que non esaxero- un documento de verdadeira

excepción na literatura relixiosa contemporánea.

Desde o primeiro momento, Moncho "ora a súa enfermidade", vívea ante Deus, cun internamento progresivo na confianza e na intimidade. Non é simplemente que nolo diga el: "Vén a vea que chamo *mística e* desfruto", "Paréceme que me fixen máis espiritual", "Hoxe son un contemplativo". Observámolo nós. Sobre todo, nesa absoluta naturalidade coa que, de xeito continuo e desde o comezo, a reflexión se converte en oración directa, fervente, con sempre novos motivos e matices. De feito, o texto aparece como un longo suco sementado ou, mellor, florecido de oracións, que esconden o seu ritmo máis íntimo. Para un enfermo crente non haberá moitos libros que lle ensinen a vivir a enfermidade tan ben coma este, cunha fe tan fonda, tan humana e tan realista.

O diario íntimo dun crego comprometido. Un podería temer -e o perigo é sempre real- que ese proceso de avance íntimo implicase un afastamento da realidade: renegar do pasado ou, simplemente, afrouxar no compromiso. Hai unha "espiritualidade" que tende a operar nesa dirección: a mística coma escapar do mundo. Por fortuna non foi -nin debería ser nunca- así. O Moncho inqueda e revolucionario segue intacto, acaso máis amplo na súa humanidade e menos estreito nos seus impulsos: "Hoxe son un contemplativo e podo orar sen présa, tranquilo e co espírito pousado. Pero descubres -non sei como expresalo- un algo que antes non vías, un ofrecerte á Humanidade, ter pretiño ao Equipo de As Pontes, ás comunidades parroquiais, ás que non teñen tribo porque non lles recoñecen o dereito para pertencer á de Leví [quere dicir seguramente que non lles mandan crego], aos alumnos, ás vellas do Carmio, aos compañeiros do BNG".

Ampliación, mais non cambio de rumbo. Até o derradeiro momento continúa vivo o seu compromiso político e intacta a fidelidade aos seus antigos camaradas. No *Diario* segue a falar o loitador da clandestinidade, o crego de Sésamo, o solidario insubornable dos labregos e dos caseiros, o participante arriscado en As Encrobas, en Baldaio, en Loño ou en Xove, o militante do Bloque, o perseguido, mallado e metido na cadea. Non renega

do seu aire de "Che galego" ou de Basilio Álvarez renovado.

O novo consiste unicamente en que agora a confidencia escrita deixa ao descuberto as raíces e abre a intimidade do segredo: en todo ese tempo correu sempre nel unha vea mística, que alimentaba a súa actividade e cargaba de transcendencia o seu compromiso. Hoxe, grazas á teoloxía da liberación, todos podemos comprender mellor a coherencia radical da súa actitude: tanto para recoñecer desde a política a forza liberadora dunha fe autenticamente evanxélica, como para percibir desde a relixión a seriedade decisiva da súa chamada á igrexa galega (a esta igrexa que non acaba de se convencer de que só ten dereito a existir facéndose carne na lingua, na cultura e nos problemas do seu pobo).

Moncho imparte así a súa lección suprema: entrega á causa común desde a propia convicción e no respecto á dos outros, unión por riba das diferenzas, traballo solidario polo ben de Galicia, é dicir, ante todo e sobre todo, polos pobres, os marxinados, os asoballados de Galicia. Algo que, en realidade, xa estaba presente e se facía sentir na súa forza de convocatoria, por enriba de fronteiras confesionais ou de clasificacións partidistas. Demostrárono as reaccións ante a súa morte (cf. a monografía homenaxe: *Semente en todos os campos*, A Coruña, 1993) e recordouno hai pouco João Guisán Seixas nunha evocación admirable, "Na morte de Moncho Valcarce" (*O Correo Galego*, 3-3-94). E agora, case que de repente, grazas ao *Diario*, podemos comprobalo en toda a súa forza e fondura: o revolucionario inclasificable revélase ao mesmo tempo coma místico insospitado. Moncho vive desde estratos tan profundos e entrégase cunha xenerosidade tan limpa, que por fin descubrímolos na súa verdadeira universalidade: non pertence a ninguén porque é de todos.

E por iso este *Diario*, que eu -a estas alturas do prólogo xa o podo confesar- acabei lendo cos ollos asolagados en bágoas, chéganos coma un regalo. Coma unha chamada. Coma unha convocatoria.

Andrés Torres Queiruga
Sobrado dos Monxes, Pascua de 1994

RAMÓN VALCARCE VEGA

Pequena biografía desde a amizade

Nacemento, familia e estudos. Moncho Valcarce naceu na Coruña o día 5 de setembro de 1935.

O seu pai, Carlos Valcarce Suárez, cando tiña 15 anos, veu da súa vila leonesa do Bierzo (Pereda de Ancares) para a cidade da Coruña. Del herdou, sen dúbida, o espírito loitador, a austeridade e valentía ante o sacrificio, así como un especial respecto a todos e unha firme honestidade. A súa muller, María Xosefa Vega Ayala, representa o típico espírito coruñés, aberto, festeiro, extravertido, espontáneo e de total xenerosidade. Crearon un fogar con sete fillos: Carlos, María Xosefa, Elisa, Xosé Luís, Manuel, Ramón, Adela e Rita; con eles viviron o tío Manolo Vega Ayala e algunha empregada, que tamén formaban parte da familia. Sempre me causou fonda emoción o comportamento de Moncho coa súa irmá Ritiña, discapacitada psíquica: ademais dun enorme cariño e dunha paciencia case heroica, incluso cando estaba tan grave, sempre a estimaba como se fose o verdadeiro tesouro da casa.

O mesmo cós seus irmáns maiores, estivo interno no colexio dos Xesuítas de Vigo durante o bacharelato, e volveu á Coruña para facer o PREU no Instituto Masculino. Foi un estudante normal, aínda que moi afeccionado á lectura e a escoitar música clásica. Gustáballe o mar, nadar e tomar o sol. Despois, as viaxes e a arte foron tamén das súas preferencias.

Matriculouse por libre na Facultade de Dereito de Santiago. Estaba no último ano de carreira cando decidiu facerse crego. A dificultade estaba no pai, que pensaba nel para que o sucedese na fábrica. Pero axudouno a nai, e no mes de setembro de 1960 ingresou no Seminario Maior de Santiago.

A adaptación custoulle un pouco, porque tiña xa 24 anos. Pero foino superando, e no terceiro curso pasou a estudar Teoloxía na Universidade

Gregoriana de Roma, onde se atopou moi ben. Cando lle faltaban dous anos para ordenarse crego tornou ao Seminario de Compostela a fin de formar un equipo de compañeiros da diocese e atender unha comarca rural de Galicia (este propósito de vivir e traballar en equipo sería unha das súas teimas constantes ao longo de toda a súa vida sacerdotal).

En Santiago intentou mellorar o ambiente en todos os aspectos: na vida espiritual e na formación cultural e de relacións humanas, así como nas actividades pastorais. Pero por incompatibilidades cos que entón dirixían o Seminario, tivo que deixalo. Puiden aclarar as cousas co arcebispo, don Fernando Quiroga, e decidiu que aquel curso estudase comigo na Coruña, axudando nalgunha parroquia. Para o curso seguinte volvería ao Seminario, e sería consagrado sacerdote o 19 de Nadal do 1969.

Primeiro destino. O seu primeiro destino oficial foi o de cura das parroquias de Sésamo e Sueiro. Desde os comezos actuou dun xeito pastoral moi diferente do usual. A súa preocupación máis fonda era a do respecto á liberdade das conciencias. Retirou os confesionarios para o coro da igrexa, e nas súas homilías, sumamente sinxelas, buscaba provocar a participación de todos os presentes.

As misas celebrábanse con pan e viño normais, sempre na procura da maior autenticidade e dunha total encarnación na vida do pobo. Mesmo se usou en moitas ocasións o templo como centro de educación e de xuntanzas de veciños, chegando a facerse alí representacións teatrais.

A súa teima era presentar unha igrexa espida de todo poder e interese económico. Negouse desde o primeiro día a cobrar pola súa actividade relixiosa e púxose a traballar nun serradoiro. Foi tamén entón cando se decidiu a falar galego.

A casa parroquial estaba aberta día e noite. Polo seu afán de formar equipo e atraídos pola súa autenticidade renovadora, xuntáronse a vivir con el varios amigos da Coruña, mesmo un matrimonio, que intentaron facer unha verdadeira comunidade cristiá de base. Organizaron unha biblioteca

ambulante para todos os veciños. Editaron en galego a revista *Outeiro de San Cosme*, orientada á concienciación e chea de reivindicacións sociais. Converteron a casa parroquial e as fincas do igrexario en lugar de acampada de moitos grupos de mozos atraídos polo novo clima de Sésamo.

Os amigos deste crego singular axiña nos decatamos das fontes e dos modelos cos que fortalecía o seu espírito. San Francisco de Asís foi o seu santo predilecto e, quizais por parecerse máis a el, non chegou nin sequera a mercar unha bicicleta. Tamén Gandhi e Xoán XXIII foron compañeiros admirados. De cara a Galicia, Castelao e o crego Basilio Álvarez. Na loita contra a ditadura franquista, o crego guerrilleiro Camilo Torres e Paulo Freire, pai da educación liberadora. E, sobre todo, o Che Guevara, do que tiña un cartel incluso na sancristía de Sésamo e a quen se parecía moito, especialmente cando poñía a boina coa estrela vermella.

Por todo isto, é natural que os máis preocupados pola falta de liberdades e os máis decididos na loita contra a ditadura se achegasen a Sésamo como a un oasis no medio do deserto. Alí a porta estaba sempre aberta a todos. Aberta non só en sentido metafórico, senón na máis completa literalidade: non se coñecía a prudencia nin o medo. Moncho non dubidou en agachar nos baixos da reitoral o aparello de propaganda do Partido Comunista, e alí tiveron lugar moitas das primeiras reunións das Comisións Campesiñas. El foi quen lle puxo o título de *O voceiro labrego* ao boletín deste sindicato clandestino. Mesmo deu refuxio ao militante da UPG Moncho Reboiras, buscado pola policía franquista.

Primeira detención e militancia política. Cando en setembro de 1974 foi detido en Betanzos nunha reunión clandestina organizada polo PCE, a noticia resultou escandalosa para moitos. Para os seus amigos, e mesmo para os seus fregueses, foi algo case que esperado. Tamén algo comprendido, como se viu nas manifestacións dos veciños de Sésamo e de Sueiro en favor da súa liberación, e despois, cando o recibiron baixo un arco de triunfo.

A partir dese tempo a casa reitoral de Sésamo estará continuamente vixiada

pola Garda Civil. Comprobeino sempre que o fun visitar. Mais, a pesar de tanta vixilancia, seguiu celebrando reunións de labregos contra a cota empresarial e polo prezo do leite, entre outros problemas. Pódese dicir que alí naceu o sindicato Comisións Labregas, ao que Moncho se incorporou abertamente en 1976, ano desde o que participou activamente en todas as súas loitas. As principais fronte foron: As Encrobas, Baldaio, a cota empresarial, Loño e Xove, polas que sufriu malleiras da Garda Civil, multas e detencións. Sempre me impresionou comprobar cómo recibía todas estas cousas coa maior naturalidade e sen gardar odio para ninguén, Pola contra, o que fixeron foi metelo cada vez máis a fondo na loita política organizada. Así, en 1977, principal ano de loitas, ingresa na ANPG. E o 15 de maio dese mesmo ano, na primeira Asemblea de CC.LL., recibe o carné número 1 de colaborador do sindicato.

Algunha vez que o advertín dos riscos que corría, admiroume a súa seguridade e, sobre todo, o fundamento cristián da súa loita. Díxome que os cregos que dicían non meterse nada en política tamén a estaban facendo. E que se a el o podían manipular, aínda era peor a situación dos que estaban instalados na estrutura dominante e, polo tanto, colaborando coa política do poder.

Actividade política institucional. No ano 1979 saíu elixido concelleiro de Culleredo, representando ao BNPG como independente. Formou parte do grupo da oposición, xa que resultou triunfadora a lista da UCD. Na lexislatura seguinte volveu a ser elixido, xa como membro do BNG. Durante o mandato do PSOE neste concello foi tenente alcalde, presidente da Comisión de Educación e de Deportes e relator da Comisión de Cultura.

Iso, debido ás normas eclesiásticas, obrigouno a deixar a responsabilidade pastoral das súas parroquias, limitándose a celebrar unha misa cada domingo en Sésamo. Pero no Concello loitou con toda ilusión e bastante éxito pola súa democratización, pola galeguización e pola xustiza social, saíndo coma sempre en defensa dos máis débiles. Así, denunciou o cobro dunha serie de impostos trasnoitados, como os que había que pagar polo can e polo carro (!), esixindo a súa supresión. E pediu a elección dos

alcaldes de barrio polos mesmos veciños.

Conseguiu que no 25 de xullo de 1979 ondease alí por primeira vez a bandeira galega. Logrou que se celebrase o Día das Letras Galegas e organizou cursos do idioma. Promoveu a cesión de parte do igrexario para a construción dun campo de fútbol. Traballou pola mellora dos colexios e conseguiu a instalación dun parque infantil. Organizou cursos de natación para os pequenos, etc., etc.

A pesar deste compromiso institucional, aproveitou as vacacións de verán de 1982 para ir a Terra Santa, facendo un curso bíblico e arqueolóxico en Israel.

Seguiu presente e no primeiro posto nas principais loitas reivindicativas de toda Galicia. Non estraña que en 1984 aparecese xunto a un humilde caseiro de As Enchousas, para impedir que fose botado. E no ano seguinte colaborou nas actividades dos gandeiros contra a cota do leite. Nese mesmo ano foi a Suíza, convidado polos Centros Galegos, para dar conferencias aos nosos emigrados.

Ano sabático na U.P. de Salamanca. En 1987 as dioceses de España comezaron a organizar na Universidade Pontificia de Salamanca un curso anual de formación permanente para sacerdotes que tomasen un ano sabático. A diocese de Santiago ofreceulle a súa praza a Moncho e aceptouna. Tomou o curso con toda ilusión, e chegou a escribir entón un traballíño de título significativo: *O compromiso político dun presbítero nunha realidade concreta: Galicia*. Firmouno o 23 de abril de 1988, precisamente en Villalar de los Comuneros. Nel reflexiona sobre a situación do pobo galego e a loita dun crego pola súa liberación. E ratifícase no seu compromiso socio-político con Galicia, compromiso de acción pastoral cristiá e galeguista.

Último destino: no equipo pastoral de As Pontes. No mes de agosto de 1988, despois de rematar o curso de Salamanca, segundo me dixo, decidiu adicarse por completo á actividade pastoral de crego. Aclaroume que tiña

decidido non volver para Sésamo, porque lles causaría estrañeza velo actuar tan só e sempre de crego; non quería facelos pasar por esta proba.

A comezos de setembro foi convivir uns días co equipo pastoral de As Pontes, formado por tres cregos da diocese de Mondoñedo e catro monxas da Compañía de María. Recibírono encantados. E o 22 dese mes xa se incorporou definitivamente. Encargouse de atender as parroquias de San Pedro de Eume, Faeira e San Martín de Goente, que pertencen á diocese de Santiago.

O máis importante: vida en equipo. Estou seguro de que o mellor e máis importante que lle puido pasar, ao menos nesta época da súa vida, foi a incorporación a ese grupo. Ao comezo custoulle adaptarse á elemental disciplina dunha vida en comunidade. Pero logrouno. Para o grupo, a súa incorporación tamén foi moi positiva porque lles achegou unhas actitudes e uns comportamentos que contribuíron a un maior enriquecemento da comunidade. Á parte das actividades de sacerdote, participaba noutras moi diversas. Colaboraba na radio, foi vicepresidente do grupo ecoloxista Niño de Azor e mesmo axudou ao sindicato Comisións Labregas.

Destacaba a súa facilidade para conectar coa xuventude e coa xente das ideoloxías máis opostas, sendo aceptado por todos debido á súa enorme comprensión e sinxeleza, que eran nel calidades innatas. O feito de que soubesen que era o famoso crego de Sésamo e da loita de As Encrobas fixo que moitos quixesen coñecelo e tratalo, sobre todo os de ideas máis progresistas. Desde As Pontes, aínda no ano 1991 foi participar nas manifestacións de apoio aos caseiros de Larín (Arteixo), cando lles fixeron deixar a casa e as leiras que viñan traballando desde antes dos seus avós.

Enfermidade e morte. Candoouben da súa grave doenza e o fun visitar na cidade sanitaria de A Coruña, atopeino animado. Sabía que a cousa era moi grave, pero o cirurxián dixéralle que limpara todo moi ben. Como é lóxico, ocultáranlle as metástases e os dous tumores que xa tiña no fígado. Grazas á quimioterapia, aínda puido no verán conectar cos seus queridos fregueses e demais amigos e pasar uns meses últimos cos compañeiros de

equipo. Aproveitou para ordenar por carpetas todos os papeis e documentos do seu arquivo, a fin de llelos poder deixar aos interesados (entre eles os de Comisións Labregas e os do partido no que seguía militando).

No mes de setembro sentiu xa que lle faltaban as forzas e que a grave doenza o poñía na recta final. Veu para A Coruña, ao coidado das súas irmás, xunto á súa nai.

Frecuenteino, e as visitas facíanme máis ben a min ca a el: comprobei a grandeza do seu corazón para seguir preocupándose de todos, especialmente dos máis pobres, dos enfermos e dos vellos. Impresionaba a súa total e serena aceptación, cunha fe e unha esperanza tan grandes que logrou ir aceptando con naturalidade a morte, cada vez máis próxima. Seguía con interese a marcha do mundo e a vida das súas comunidades. Recibía e interesábase por todas as visitas. Rezaba especialmente os salmos en galego, e sobre todo escribía o *Diario*. Recibiu os últimos sacramentos, que lle administrou o seu amigo Vicente Cerdeiriña con moita anticipación. Tivo el máis serenidade ca os presentes e quixo celebralo pedindo un café para todos.

Con esa serena naturalidade, encargoume que presidise o funeral ("porque Vicente non se atreve..."), que na necrolóxica non puxésemos a hora do enterro ("xa é unha tradición da familia..."), que non houbese flores e que cubrisen a caixa coa bandeira galega.

Para o enterro escollín o poema "Dende a Armórica", de Bouza Brey, lendo aqueles versos que me pareceron expresar con máis forza a mensaxe de Moncho Valcarce: a que el, se puidese falar, nos diría seguramente naquel momento:

Quero que sexas ti o que eu xa non hei ser:
lume na noite, estrela no mencer,
ave no ermo, canto no mar maior,
singular mareante por todo inmenso mar...
Quero que leves ti o que eu xa non hei levar:
alboradas no peito e nos ollos luar...

Quero que ti conquiras o que eu non hei conquistar:
polo enxamio dos astros a patria do porvir,
miña Galiza chea, comprida, sideral...
un planeta senlleiro, todo limpo de mal!

A cantos estivemos sempre do seu lado e intentamos comprendelo, as dezaseis necrolóxicas que saíron no xornal *La Voz de Galicia*, o 2 de febreiro de 1993, día do seu enterro, fixéronnos máis levadía a dor pola súa perda.

Despois de Basilio Álvarez, quizais ninguén viviu tan entregado á defensa dos nosos labregos coma Moncho, que mesmo deixou a súa biblioteca, o seu único capital, para os veciños de Sésamo e de Sueiro.

Esta minibiografía quere axudar a unha mellor comprensión deste *Diario*, que foi escrito nos derradeiros meses da súa vida e que vén ser coma o seu testamento. Non se me ocorre mellor remate có da necrolóxica da familia:

TODO O SEU VIVIR FOI AMAR A DEUS E A GALICIA

Manuel Espiña
A Coruña, 10 de marzo de 1994

NOTA SOBRE A EDICIÓN

Este *Diario*, como aparece no mesmo texto, foi entregado a Vicente Cerdeiriña, o amigo íntimo e fraterno, que acompañou a Moncho Valcarce até os últimos momentos. Vicente, respectuoso e discreto, non quixo intervir na publicación, agás para responder a algunhas dúbidas e para confeccionar, a petición nosa, a "Cronoloxía da enfermidade". Entregoullo a *Encrucillada* para a publicación; na súa colección de libros fai o segundo. Deixar constancia desta xenerosidade é, logo, o noso primeiro e mellor agradecemento.

En canto á edición, era lóxica a publicación dos orixinais, con absoluto respecto para a súa disposición. Esa é a razón de que *non aparezan datas*. Así o decidiu o autor: "Non poño datas nas follas que emporco. Tal como ando é unha parvada vivir pendente do número, semana, mes...". Con todo, a cronoloxía aludida permite unha orientación fundamental. Por outro lado, cada día empezará sempre con páxina nova (Moncho separábaos cun trazo angular, sen cambiar sempre de páxina).

Ese é tamén o motivo de optarmos por publicar á parte as *homilías* que Moncho foi escribindo para si mesmo, entre o Advento de 1992 (29 de novembro) e Reis de 1993. Pensamos na posibilidade de as intercalar no *Diario*. Pero non sempre sería seguro o acerto e, sobre todo, el escribiunas en caderno separado.

Existe, obviamente, unha intervención pola nosa parte: a normativización lingüística do texto. Moncho foi un falante serodio, e fixo un esforzo notable por adquirir un bo léxico e mellorar a sintaxe. Aínda así, foron precisas bastantes correccións, pero respectando sempre escrupulosamente o sentido literal (algunha rara aclaración que pareceu conveniente vai sempre entre corchetes). As notas, como observará o lector, están reducidas ao mínimo, para facilitar a comprensión dalgún dato.

Queda o capítulo dos *agradecementos*, que van ante todo á familia de Moncho Valcarce e a Vicente Cerdeiriña, pola xenerosa cesión dos manuscritos. A fotografía achegouna a Irmandade Moncho Valcarce, e Nel Rodríguez Rial fixo os debuxos. Na preparación para a imprenta traballaron Evaristo Rodríguez Abuelo, que fixo a primeira transcrición en computador, e Xavier Rodríguez Madriñán, Engracia Vidal, Xosé Chao Rego e Andrés Torres Queiruga, que coidaron a revisión.

CRONOLOXÍA **da enfermidade de Moncho Valcarce**

Decembro 1991: en Pontevedra visita ao médico, que lle manda facer unha rectoscopia. Descóbreanse pólipos no intestino. Faise unha biopsia, que dá tumor. Ten 56 anos.

Xaneiro 1992: novas probas na Coruña.

18 febreiro 1992: ingresa na Residencia da S.S. Juan Canalejo da Coruña para ser operado.

O informe médico reza: "Neoformación polipoidea de recto superior y dos nódulos hepáticos..., debiendo recibir tratamento complementario del servicio de oncología".

Despois da operación, o médico dilles aos familiares que o mal está moi estendido.

23 marzo 1992: danlle a alta en Juan Canalejo.

Abril-xullo 1992: tratamento de quimioterapia. Por veces prodúcelle forte reacción.

Setembro 1992: novo tratamento de quimioterapia.

Decembro 1992: conséguese a atención domiciliaria, pois xa non pode saír da casa (non volverá a facelo).

23 decembro 1992: solicitude ao Sr. Director da Saúde dun "talonario de extra-doses de estupefacientes", que se lle concede, debido ás fortes e frecuentes dores que padece.

1 febreiro 1993: morre na casa de súa nai en A Coruña. Ten 57 anos e 6 meses.

DIARIO

Hai enfermos que perderon a ledicia de vivir; non teñen nin un misto de esperanza. Son xa mortos que só lles queda pasar pola funeraria a encargar o cadaleito. Un paciente, aínda mozo, que coincide nalgún tratamento, dábame as queixas cheas de nubeiros tristesiros: "Xa non sirvo para nada..., isto non ten amaño..., os meus intestinos están desfeitos". Intentei animalo: "Déixate de andrómenas... tes toda unha vida por diante", e outros dicires na mesma liña.

O pesimista vive a enfermidade na permanente amargura e amarga aos que o rodean, amigos ou familiares.

Outros son egoístas, gustan que todos vivan pendentos deles; son os que sempre están a queixarse, os que poñen cara de sufrimento, de dor de barriga, para que os compadezan, e, cando se fala dos sufrimentos doutros, poñen cara de circunstancias, fan un xesto despectivo e sae da súa boca o egoísmo do interior: "Iso non é nada comparado co meu".

O egoísta vive a enfermidade masoquistamente, chégalle a gustar, e, pouco a pouco, vaise destruindo; é a autocompracencia na enfermidade, e destrúe aos que o rodean coas súas queixas cotiás, coas súas esixencias de coidados e mimos.

Hainos *providencialistas*. Son os resignados, que cargan nas costas de Deus os seus padecementos. Na súa boca a ladaíña de "El así o quere", "É a súa vontade e temos que aceptala". Son os que aínda cren nos milagres e viven a doenza entre estampas e rezos para cambiar a "vontade de Deus". Non se decatan de que Deus quere a nosa saúde, de que a enfermidade aniña durmida en nós e de que un bo día comeza a espreguizarse, outro érguese con forza. Outras veces somos nós, inconsciente e irresponsablemente, os que imos buscala, abusando da capacidade física; isto é un pecado ao que non damos categoría de tal. O *providencialista* non mira o milagre, o gran milagre de Deus, na *ciencia*

que loita contra a dor en todas as súas manifestacións. Para eles a oración é un calmante para adormecer, para fuxir da realidade apropiándose de Deus. Non comprenden que a oración é unha forza para vivir a realidade, unha forza para asumir a doenza, unha forza que axuda a descubrir o rexurdimento acochado na cruz da enfermidade. A oración non é calmante milagreiro, é aguillón que obriga a *vivir*.

O *providencialista* mata a fe nun Deus de *vida*, crea resentidos contra o Pai; é un elemento que fomenta a increnza.

Outros doentes son persoas cheas de esperanza, risoños, sempre cunha verba de alento, de ánimo. Son os enfermos salvíficos, que comunican desexo de vivir. Un séntese ben con eles, porque as súas verbas non son tristes, son ledas, non falan dos seus padecementos, escoitan aos demais e asumen a dor en silencio, conscientes de que os sufrimentos son salvadores para unha humanidade dorida por guerras, fame, pobreza, desigualdades sanguinolentas..., que empurran, dende o seu silencio, o avance da nova creación de Ceos e Terra, séntense corredutores con Xesús-Cristo.

Son enfermos que comunican *fe*, aínda que non botan prédicas.

En que categoría me encadro?

Non o sei... Iso terán que dicilo os amigos e familia, a xentiña que vexo xunto a min.

Quizais participo de todos un pouco.

Na Residencia, durante os días sen fin, atopábame tranquilo, cheo

de esperanza na pronta incorporación ás humildes actividades -as máis das veces caladas, aínda que cun matiz de humor e de fe- nunha comunidade real, democrática, solidaria e comprometida, coa mirada posta nunha futura sociedade non despectiva co noso traballo e entrega, senón, respectando a crenza ou a increnza, comprensible e amable.

Tiña medo á dor, ás probas, ás preparacións. Non pregaba a Deus, o Pai da Vida, que me librase da dor, pregaba fortaleza para soportala, capacidade para asumila. Estaba animado, axudado polos amigos, os compañeiros, a familia, que me daban alento coa súa presenza chea de contos e risas, lembranzas de tempos idos, saídos daqueles e daqueloutros. Endexamais poderei agradecerlles a súa presenza a carón de min, un home un tanto independente.

Non maquinaba nas tebras da morte, polos meus miolos non pasaban sombras mouras, só a Luz da Esperanza na vida, a confianza no equipo cirúrxico e en todo o persoal do andar 10º, sempre amable e cun fardo cheo de paciencia. Todo isto estaba presente nos meus silencios noitébregos. A morte, paso obrigado para atopar a *Verdade total*, non metía inquedanza no meu corpo feble. Pasaron cinco meses e síntomas, ás veces, sen ánimo e coa mirada de respecto posta na porta de saída desta existencia terreal. Non é depresión, desesperanza, amargura, non, pois continúo a ser un pouco toleirán, unha persoa risoña e con desexos fortes de vivir, beber uns vasos de viño cos amigos, charlar e rir, gozar desta Galiza doce e brava, aínda que asoballada e próxima a converterse nun eucaliptal e lugar de turismo rural para catro privilexiados.

Cando estou só, coma agora, escoitando unha ópera de

Mendelsson, a música sempre chegou a emocionarme, sentila no fondo do ser, incluso me eleva ao transcendente, o Pai que nos ama e xoga cos sons para aledar, espiritualizar a nosa existencia, ás veces triste e materialista. Ben, pois cando estou só, chama á porta a idea da morte, téñoa presente, non con amargura, senón coma unha realidade que está en nós dende o nacemento, unha realidade que non podemos acochar nas últimas follas dos xornais en forma de notas necrolóxicas estereotipadas, unha realidade presente, real, viva, que aniña na persoa, mais unha realidade risoña, non como a pintan, un esqueleto que, fachendoso, ri coa súa gadaña, ensinando unha dentame de vampiro. Por que non a pintaron coma unha moza lanzal, risoña e agarimosa, ou coma un compañeiro que axuda no aperto, anima no desalento, perdoa na ofensa? Así tiñan que presentala, pois *é* a porta do infinito; non é escuridade, *é luz*, non *é* condena, *é* amor. O triunfo da Cruz *é* o Rexurdimento, así como Xesús de Nazaré se transformou en Cristo, o Señor, eu transformareime, polo seu triunfo, en Señor co Señor; xa non serei Moncho pecador, mentireiro, egoísta, orgulloso, *serei Cristo en Cristo*.

Xa estamos ás portas da olimpíada [de Barcelona, 1992] e os que interveñen preparáronse dende hai tempo. A persoa é coma un atleta, mais sen adestramento. Corremos pola vida coma tolos e non nos preparamos para a máis grande viaxe; os antigos exipcios tiñan o *Libro dos Mortos*, unha preparación, un adestramento para emprender a viaxe.

Os estamentos oficiais da Igrexa, a clerecía xerarquizada e verticalista, vestiron a morte de negro, presentárona abraiante e centraron a súa doutrina na salvación individual, chegaron a caricaturizar a Deus poñéndolle toga de xuíz, celludo e causante de mortes varias, un Deus sádico, tronante, vingativo. Aínda lembro, nos exercicios espirituais dos tempos de bacharelato, a meditación sobre a morte: a capela a escuras, unha caveira enriba da mesa do director, os seus berros e exemplos: "Era un joven de las mejores familias de Bilbao, bueno, estudioso, congregante mariano, pero un día tuvo una tentación, un día aciago para él, una sola tentación que no supo vencer... fue a una casa de mal vivir y cuando estaba como un animal refocilado en el placer carnal, un ataque repentino le causó la muerte y con ella su condenación eterna...". Pobre Deus, cantas lle cargamos! Co tempo descubrín o Deus de Xesús, o *Abba*. Un Deus que quere a nosa vida, quérea tanto que a morte non é morte, é pasamento a unha nova vida; descoñecemos como é, mais confiamos que *é vida pola fe* en Cristo-Xesús. A preparación para pasar á *vida* é un vivir feliz, entregado a todos, denunciando e loitando contra a inxustiza a pesar das escuridades do meu ser cristián, dos pecados acochados no máis fondo do corazón; un vivir ledo en comunidade, onde cadaquén ten a súa misión, que realiza sen pesimismo e rancores, sen dogmatismos inquisitoriais, respectando e sendo respectado. Canto máis namorados esteamos da vida, máis preparados estaremos para embarcar na dorna de Caronte.

A doenza segue o seu curso, vén ser coma o río Eume, que nace cativiño, unha fonte pequerrechiña que vai medrando e medrando, sen que as montañas e outeiros poidan detelo. Así é a doenza: operación, tratamentos e coidados son valados para detela pero ela segue e segue, só o desexo de vivir disimula a súa medra. É unha loita entre a vida e a morte, loita longa e dura, Cómpre non pensar no final, xa chegará paseniño; o único importante é vivir e confiar en que o derradeiro non *é* tebra, *é luz*, en que a doenza vai ser derrotada, comesta polos vermes.

Na Coruña o peor son as noites. Penso que é cousa psicolóxica, non ten outra explicación, xa que en As Pontes non é que durma coma antes, pero durmo ben, o mesmo en Poio. Aquí danme as cinco e as seis, cando principia o *Primeiro da mañá* por Antena 3, sen pegar ollo. Acendo a tele, apágoa, poño a radio, leo... non hai maneira, Hoxe nin descansei despois do xantar para durmir mellor, e son as tres e, de momento, Morfeo non quere vir facerme compañía. Son lentas as noites sen durmir: todo cansa, tele, radio, lectura... sentir os coches que pasan, as voces dos noctámbulos, pensas e até falas só. Onte recei o rosario con calma e reflexionando nos misterios do si de María, outras noites invento películas e cambio o guión dalgunha que vin. A música é a miña compañeira, ou a palabra, aínda que hai programas que son unha carallada onde falan e falan parvadas e póñense a predicar de todo sen coñecemento ningún; eu teño poucos, pero gaño a algún dos que falan. Tiven dor no lado dereito, pouco, aínda que ás veces era coma unha vergallada forte, como se me pinchasen aló dentro. Mañá vanme meter no escáner para fotografarme por dentro. Non sei como se apañaban noutras épocas nas que non existía tanto aparello... morría máis xente, claro.

Dise, con razón, que a vida é unha candea acesa que pouco a pouco se vai consumindo. Eu, parécemo, xa estou feito un cabo de candea, que pouco vai durar, e pregúntome se a luz serviu e aínda serve para dar testemuño do Evanxeo. Na miña vida hai de todo, pecado e maldade, mentira e engano, verdade e sinceridade, virtude e bondade. O que fíxen, fíxeno convencido de que defendía valores evanxélicos, cometín erros e tamén caín en soberbias, fun loado e aplaudido, defendido e atacado, criticado sen misericordia e rexeitado; tamén me sentín feble e algunhas noites, chorando no leito, pregáballe a Deus axuda, que xa non tiña forzas para levar o fardo que caera nas miñas costas. Mantívenme fiel ao meu sacerdocio a pesar das caídas. Tiven moita sorte, xa que atopei amigos sinceros que me axudaron nos momentos mouros e souberon perdoar as miñas falcatruadas. Hoxe a miña luciña é coma a do vagalume, tremente e pequerrecha, a piques de morrer.

Sorrinte e paciente, sométome ao tratamento cinco xornadas ao mes. Recoñezo que é unha lata. Sometémonos con humor, rimos coas enfermeiras que nos axudan e animan. Para non aburrirmos poñen a tele, sempre a canle 2 cun programa que fala das Américas. Pola *caixa parva* saen unhas Honduras, Guatemala, Perú e demais repúblicas presentadas coma unhas Suecia, Dinamarca ou Suíza, paraísos democráticos onde todo é benestar, folclore, festas populares... O pecado social, pobreza e marxinação, ocúltano, non existe e tranquilizamos as conciencias mirando as avenidas cheas de coches, as zonas residenciais con piscinas e xardíns babilónicos, festas folclóricas onde todo é luz e cor, escoitando grupos musicais ou contemplando monumentos arquitectónicos. Levo un libro para ler e de cando en cando dou unha cabezadiña, un medio sono.

O peor é a reacción que dá, unhas veces máis forte ca outras. Son os momentos en que suspiro e sae do malestar a pregaría: Señor, Deus, axúdame! Que o malestar que teño sexa liberación para os oprimidos, axuda para todos, neste *todos* lembro dunha maneira especial as parroquias benqueridas de As Pontes, Sésamo e Sueiro, San Salvador de Poio. Nestes intres vénme sempre unha invocación: Virxe dos Remedios! Só iso. Non me gusta molestar ás miñas irmás, e calo, a pesar de que elas se decatan; até Ritiña, na súa lingua, pregunta se estou enfermo. Agardo silencioso a que pase a treboada e vénme aos miolos a idea de que isto non ten cura, que algunha cousiña roe dentro e que tarde ou cedo vai explotar, aínda que de seguida -serán as defensas psicolóxicas- penso nas persoas que viven ledas e que pasaron, hai tempo, polo mesmo ca min.

Procuro manter o desexo de vivir, expulsar a amargura, fortalecer a esperanza na vida que xorde cada mañá coma sorriso de Deus.

Como teño tempo até para me aburrir, escribo de cando en vez, cando sinto a necesidade.

Esta semana non atopei folgos para ir ás Pontes, non sei se por lacazanería. Sempre descubrimos algunha desculpa para xustificar o non facer: aquilo dos trobeiros provenzais, o *dolce far niente*. A verdade é que non tiña folgos. Estaba preparado para coller a carrilana que temos por autobús e chamei para anunciar que quedaba.

Remórdeme a conciencia a non presenza nas Pontes, xa que o traballo, aínda que nesta tempada é menor, chega ben. Maquino que hoxe son un estorbo para os compañeiros, xa que teñen que suplirme. Eles, con paciencia franciscana, repiten unha e outra vez que non me preocupe, que cure da doenza primeiro, cousa que dubido, e na dúbida a pregunta: Canto durarei? Cando rematará a miña historia persoal, con luz e tebras, febleza e heroísmo, egoísmo e solidariedade, con medo e valentía, verdades e mentiras? A miña vida é un loitar entre o ben e o mal, é dualista; estou convencido de que esta loita nos vai purificando, e a perfecta, total purificación, o triunfo do ben, será no momento da entrega, os instantes nos que perdemos o contacto cos que rodean o leito, impotentes ante o silencio da morte. Xesús de Nazaré santificou este momento na Cruz, converteuno en entrega plena á humanidade das benaventuranzas, pon a súa confianza na Perfección *total*, no *ben* que é Deus. As verbas "Señor, por que me abandonaches" non son de desespero, de amargura do fracaso, son un canto á confianza no *ben*. Isto enténdese lendo todo o salmo 12, 6 ao que pertence esa frase, é o inicio do salmo. El, cabeza da nova creación, que todos imos construindo, santificou eses momentos nos que a vida vai fuxindo do corpo e nos xuntamos a El na cruz da morte para rexurdir limpos, sen dualismos. Vén ser un adianto do que está por vir: unha humanidade sen pecado, como anuncia o salmo 22 nos versículos 27, 28 e 30.

Fun á misa, á Eucaristía, ao templo dos anos do nacional-

catolicismo. Aínda había xente, ignorándonos uns aos outros e con actitude pasiva, como espectadores dunha obra do Século de Ouro español. O cura, afastado aló enriba, tras unha mesa ben grande, falounos do Papa, recalcando que a Igrexa é xerárquica; con outras verbas, veu defender unha Igrexa piramidal teocrática, na que pouco ou nada lles queda por facer aos leigos. Cando os defensores do papado falan, caen nun vergoñento culto á personalidade. Eu pregunto: Como se poden defender os chamados dereitos humanos coa idea tridentina de Igrexa? A xerarquía manda, ordena, condena ou beatifica, considéranse propietarios da teoloxía, únicos garantes da Fe, donos en exclusiva do Espírito Santo. Onde está a recomendación de Xesús recollida por Mateo 20, 25-28? A teoloxía non é patrimonio do Santo Oficio; os seus membros non teñen o monopolio da Verdade para condenar ao silencio e lanzar anatemas. A teoloxía non é algo monolítico: é estudo, avance, un abrir camiños aos peregrinos coma min, un facho que lles alumea a Fe aos crentes do século XXI.

Preguei á miña maneira *fe* para superar o descontento e malestar por unha teoloxía tridentina, que tivo a súa xustificación e momento. Non fun comungar porque non me vin membro daquela comunidade silenciosa.

Acheguei ao cemiterio. Sentín coma unha necesidade. Non

localicei o nicho da familia, e paseei entre sartegos e panteóns cun pouco de vergoña. Un empregado miroume, e pensaría que era un tipo estraño que, en lugar de pasear polas rúas cheas de ruídos, viña onde todo é silencio. Unhas poucas persoas poñían flores aos seus defuntiños. Por que poñerán flores se nas covas non hai ren, só vermes e podremia? Boh, vén ser unha maneira de agradecemento polo que fixeron en vida ou unha forma de exteriorizar que viven no seu recordo. Lembro a poesía "en vida, hermano, en vida". Recordei aos meus e preguei por todos.

O cemiterio é un lugar tranquilo, os mortos non molestan e os vivos andan coma pantasma, sen facer ruído e falando baixiño. É o respecto á morte.

Non sei por que me deu por ir a San Amaro. Xa escribín que sentín como unha necesidade. Quizais, inconscientemente, quería ver o burato onde me van meter. Eu quero ir á terra, xuntarme coa naiciña terra; non quero nicho: esa cova escura, tapiada con cemento e mármore, dáme noxo. A terra é a nosa irmá, pisámola, camiñamos por ela, dános o sustento, de cativos xogabamos con ela... estamos de cotío en contacto. Non hai dereito a que ao morrer nos separen e nos irmanden co cemento frío e impersoal.

Fun axudar ás Pontes na fin de semana. Atopeime ben e contento, aínda que canso, moi canso. A xente parábame para preguntar como marchaba e dábanme alentos con aquilo que lles dicimos aos doentes: "Tes bo aspecto", "atópote moi ben"... frases que agradezo polo agarimo con que se din.

Deume un forte achuchón, que rematou en urxencias. Foi coma un cólico moi forte. Xa pola noite notara unha molestia e tivera vómitos. Non lle dei importancia e á mañá marchei a San Pedro de Eume, e alí foi boa: non puideron rematar a misa, e correndo para a vila. Pasei o sábado na cama medio durmido. Fóra dese incidente, sempre me atopo ben nas Pontes, a pesar da contaminación. Teñen que ser as atencións da xente, estar no ambiente onde un vai consumíndose e realizándose.

Hai doentes moi "católicos, apostólicos, romanos", que din:

"¿Qué son mis sufrimientos comparados con los de Cristo?". Frase dunha mística alienante e da época barroca.

Xesús sufriu, mais a historia da humanidade está chea de sufridores maiores ca Xesús: o parapléxico cravado nunha cadeira de por vida, o enfermo irreversible a quen xa non afectan os calmantes e agonía con dores ben grandes durante vinte ou máis xornadas, a traxedia das naiciñas cun fillo *enganchado* ou morto na mocidade vítima dun irracional accidente de tráfico, a tristura sanguinolenta dos anciáns sen agarimo e coidados que van morrendo lentamente, os torturados días e meses para rematar cun tiro na caluga e soterrados no anonimato, os zorregados pola pobreza -500.000 galegos, segundo os baremos da CEE; en América Latina o seu número pasou en 10 anos de 163 millóns a 183 millóns-, os que non teñen nin unha codia para engaiolar a fame nos países que con fachenda chamamos do Terceiro Mundo... Para que seguir!

Xesús histórico sufriu unhas horas, e hai xentiña que sofre de por vida ou nace coa estrela da dor.

Cristo, o Señor, non sofre!

A frase tería contido salvífico, reflectiría a mística da dor, se fose: "Xunto o meu sufrimento ao da Humanidade doente para axudar a transformala".

Na Cruz converxeron todas as dores para transformarse en Esperanza. A dor rexorde con Cristo, que deu unha aperta a toda dor da Historia; rexorde para transformarse en ben, ledicia, paz, amor... até chegar a unha Humanidade perfecta onde non haberá bágoas nin tristuras.

Hoxe teño molestias e, por momentos, dor. Teño un pouco inchado o lado esquerdo. Consultareino co médico o luns, que de novo teño a lata do tratamento.

Non quero pensar nas molestias, sacalas da cabeza, porque senón amárgome. Estou agradecido á natureza: xa que podó camiñar, paseei por Riazor-Orzán, xanto e non fago noxos, durmo, leo... falo cos amigos. Que máis podó pedir, se vivo con comodidade e sen pegar golpe, mimado pola familia e apreciado polos amigos cos que paso momentos deliciosos? Non teño dereito a queixarme!

Hai xa tempo que non emporcallo follas, e emprego o verbo

emporcallar porque eu non son escritor, só *escribán*. Pasei agosto con molestias e dores de vez en vez, mais paseino ledo e contento polas vacacións que me concederon na Residencia. Tomei o sol en Corcubión, gocei nas festas de Sésamo e de San Salvador de Poio e divertínme en Xixón. Agora, outra vez á Residencia. Cambiáronme o tratamento e pásoo mal coa reacción, vómitos, a cabeza media tola, sen apetito... en fin, son cousas que soporto procurando non dar a roncha aos que me rodean e ofrecendo o malestar en beneficio da Humanidade.

Esta tempada metéuseme nos miolos que vou morrer. Dígoo rindo, aínda que a seriedade vai polo interior, coma os líquidos que me meten. Non lle teño medo á morte, respecto si, e moito, porque os derradeiros momentos teñen que ser coma a noite, coma se un se atopase nun cuarto ás escuras onde só penetra unha raiola de luz, andas ás apalpadas con angustia cara á raiola e cando chegas abres a fiestra e a luz apodérase dun e con ela a calma e a tranquilidade. Para min a luz é o Infinito, o Pai Deus, por iso non teño medo á morte; mais polo espazo -por empregar unha verba, pois non hai espazo e tempo- dende as tebras á luz, téñolle respecto á morte. Por outra banda, somos seres vivos, queremos a vida. Éntranos tristura cando a morte peta na nosa porta, botámola da casa e escondémola nas funerarias. Quen non se preguntou máis dunha vez que atoparemos ante unha porta pechada que se vai abrir? Cando morremos realmente?

Os evanxeos créannos interrogantes... interpélanos, isto é, empúrrannos a dar unha resposta á Palabra, requírennos para cumprir un mandato.

O Evanxeo non é para escoitalo. É para vivilo: buscar a resposta á Palabra que leve a cumprir o mandato que encerra.

Os evanxeos, ademais, son un canto á esperanza na chegada do Reino na súa plenitude, ese Reino que xornada a xornada imos construíndo co noso traballo, que sempre é importante, pois vai abrindo camiño, rozando o monte, até chegar a unha sociedade sen bágoas nin tristuras, fraternal.

Hoxe fálase moi pouco da esperanza, e sen esperanza non hai Fe nin Amor. Sen esperanza, o noso traballo é inútil, amargo, pesado. Sen esperanza, non temos futuro, vivimos tristes, con medo, sen capacidade crítica para mellorar as cousas.

A esperanza anímanos a camiñar, a traballar para deixarlles aos que veñen detrás de nós unha comunidade mellor, onde o Reino sexa máis visible, a entregarnos a todos, especialmente aos que sofren, aos que non saben rir, aos afogados nos problemas. Dános folgos para ser administradores fieis e asisados.

Dende Belén a Xerusalén todo é esperanza.

Estas semanas todo o corpo anda mal, e lembro as verbas do gran persoeiro de Galiza cando a morte andaba a dar voltas no seu leito da capital da Arxentina: "Xa anda o corvo roendo". O meu corviño mouro anda tamén roendo, e sácame o apetito, o sono, a risa e o benestar; mais hai que *erguer* as forzas para non deixarse asoballar, non *preocuparse*. Que siga roendo aló no bandullo. Quere que lle faga caso e así darse importancia. Se quere convivir comigo, que o faga; mais aos miolos non o deixo entrar; el loita por meterse e eu a espantalo; son meus e non permitirei que a súa negrura se apodere deles.

Cando un anda coma min, as defensas psicolóxicas debilítanse, o carácter, sen decatarme, vai transformándose, e as bágoas, sen saber o porqué, saen polos ollos. Ante unha flor, unha paisaxe, o mar... O ver aos namorados risoños, mirar á xente feliz superando problemas, emocióname, sinto no corpo coma unha descarga eléctrica. Sinto a vida con forza. Que pouco vivín a *vida*! A vida é sinxela, fermosa, simpática, amiga. É o meirande don que debemos ao amor dos pais, e por ser froito do amor, a pegada de Deus está en nós. Ás veces fuximos da vida e xorden os odios, os egoísmos, as pistolas e as pisaduras, os valados que separan, o dogmatismo que mata a *luz*.

Que o meu corviño sirva non só para roer e roer, senón para que a pegada de Deus reapareza onde o lixo a oculta. Que o corviño sexa pomba sinxela, fermosa, simpática, amiga... *vida*.

Non teño ánimos para orar, coller os salmos e rezar. Só teño forzas para pedir perdón polo mal que fixen e polo ben que deixei de facer. Non teño nin azos para participar da Eucaristía. Decátome de que é necesario acudir á oración para superar esta etapa dura. Mais tamén penso que o malestar xa é unha oración. Hai maior oración có ofrecemento dun mesmo, dos seus padecementos e das súas dores? A dor purifica a maldade persoal e colectiva. Deus non quere a dor; mais, unha vez dentro, non por El, senón por nós mesmos, que malgastamos as enerxías, axúdanos a transformala en purificación e, polo tanto, en salvación.

Os enfermos temos que contemplar o mal dende este punto de vista, non para caer na consolación sentimentaloides e resignada, senón para transformar a enfermidade en *Vida*. Deus actúa por nós, sen algaradas, no silencio. Non o sentimos nin escoitamos, pero está animando e purificando, eu diría que redimindo, a Humanidade. Hai maior oración cá redención?

Téño tempo de vagar, e non sei que facer. Leo, apampo para o televisor, aínda que me cansa, esfórzome por pasear, quero pasear, andar con ese aire de non ir a ningures, aínda que hai uns días que me sinto canso, sen forzas para mover os pés.

Leo moita historia, un tema que me gusta. Cada escritor escribe mediatizado polas súas ideas. Se é confesional, xustifica, oculta ou disfraz a feitos ferintes; se non o é, denuncia ou engorda. Ao lector élle difícil chegar á obxectividade. Por moito autor que lea dunha ou outra tendencia, sempre haberá algún que inflúa ou coincida nas súas ideas.

O subxectivo é o que manda, por moito que queiramos disimulalo. Perdemos a capacidade crítica e somos voceiros dos que lanzan as normas e consignas, sexan políticas, ou relixiosas, de comidas ou de modas do vestir. Convencéronnos de que non somos *parvos*, de que o facemos ou pensamos por nós mesmos, que nada vén imposto. Como diría Benavente: "He aquí el tinglado de la antigua farsa".

A doenza camiña, non se detén, sentes as súas badaladas polo

bandullo adiante, os médicos erguen barreiras para calar o seu son e botan pastillas para as dores, inflamación do fígado e outras para ter fame. Cousas da vida! A min danme pastillas para que coma e outros teñen fame e morren por non ter unha codia que baixar polo esófago.

Estou animado, aínda que xornada que pasa -non direi pesimista, si realista- chego a ver claro que isto non ten cura, que durarei o tempo que sexa, máis ben pouco. Quen o pode dicir? Non por iso me porei triste, neurasténico, insoportable ou roncha. Continuar a ser o mesmo, quizais non menos sociable; non porque as persoas me molesten, senón que non quero molestar eu, que a miña presenza se faga molesta. Os amigos chaman e ofrécese para me levar a onde queira, para xantar e charlar, e dáme un pouco de reparo, de resultar pesado se acepto.

Atópome ben coas da casa, lendo, escoitando a radio ou apampando para o televisor, que cada vez me gusta menos. Pola mañá -non sempre-baixo ao centro e regreso, se está bo tempo, camiñando; non quero permanecer sentado, xa morto, inamovible.

Estou un pouco sorprendido do agarimo da xente, das súas verbas de alento, dos detalles de cariño, da preocupación pola marcha da doenza. Eu pouco lles dei, nada importante fixen por eles, non teñen débeda comigo nin por consellos nin por favores, e, nembargantes, gárdanme sincero agarimo. A amizade é un ben, un reflexo da fidelidade de Deus, sempre compañeiro, aínda que esvaremos no camiño da súa amizade. Deus é indemostrable, non hai argumentos para dicir que existe; só hai ollos abertos para miralo oculto no amigo, na flor, na auga... na *vida*.

Hoxe teño algo de dor, é como se o corviño recordase con fame e roese con suavidade, como non querendo molestar.

Pasei pola cidade vella, o recuncho máis feiteceiro. Din que pola noite hai moita *movida*, mais ás doce do mediodía todo é tranquilo e silencioso. No xardín de San Carlos un grupo de vellos gozaba do sol e charlaban baixiño e uns mociños moi preto un do outro diríanse verbas doces, proxectos e inquedanzas; en Santa María un fato de futuros arquitectos debuxaban calados e concentrados. Entrei no museo da Colexiata, moi churrusqueiro e ben organizado. Mentres paseaba polas estreitas rúas pensaba na *vida*, unha vida regalada que non coñeceu de aperturas, déronme todo o que necesitei, nada me faltou. Dáme noxo como a estraguei, non render máis. Canto tempo perdín, tempo morto! Canto tempo desprecei! Cantos minutos e horas só para min! Cantos meses pensando en min e ignorando e abusando dos demais! Canto individualismo se amorea ao longo do meu camiñar! E se volvese a percorrer de novo o meu camiño? Se puidese dar marcha atrás para recuperar o tempo perdido, para ser máis agradecido cos meus, para querer máis a todos... pois sería o mesmo, xa que non hai dúas sen tres.

Cando cambiamos de casa sentín deixar aquelas paredes señoriais cheas de lembranzas, os cuartos palacianos onde morreron papá, Mon, Pepe, Petra e a Tatiña, onde riamos e chorabamos. Nacín na rúa da Franxa e nela vivín uns cincuenta anos. Xa pensaba que nunca sairía da casa, estaba agarrado a ela e o traslado custoume moito. A morte é unha mudanza; custa deixar as nosas paredes cos seus libros, cadros, lembranzas... coas nosas vivencias, para marchar a un lugar novo, descoñecido. Todo cambio é doloroso, pois é un mudar o hoxe, o coñecido por algo [novo], unha transformación na que ignoramos todo, o onde e o como.

Esta tempada estou metido nos salmos, prego pola mañanciña

laudes e á noitiña vésperas. Os salmos son a mellor oración, e sempre descubres algo novo, como se os lésemos por primeira vez. Hai algún que dá noxo, que dá denteira, e temos que ter unha capacidade de heroes para descubrir algo que poida servirnos. Son un pouco ou moito anárquico na oración, móvome por impulsos, vén a vea que chamo *mística* e gozo, sinto unha gran calma, satisfacción, como un estado de paz e harmonía ao rezar con calma unha ou dúas veces a salmodia. Días atrás estaba como seco, non tiña ganas de orar, e se o facía era coma o que sente chover; nada me dicían os salmos. Estes domingos participo da Eucaristía e prego a Deus que afogue a postura farisaica e me axude a ser coma o publicano. Eu fago o esforzo e poño diante os meus pecados, maldades, mentiras e egoísmos para contemplarme coma o máis pequeno dos que enchen o templo. Teño que facer un gran esforzo, porque se ve cada cousa e escóitanse prédicas que incomodan a un, xente muda que non abre a boca, coma espectadores pasivos dunha obra teatral, prédicas a anos luz da nosa vida diaria, palabras que nada teñen que ver coas lecturas bíblicas. Mais, a pesar disto, saio á rúa satisfeito e contento, a xente paréceme boa, piso a rúa alegre, cun sorriso, e síntome solidario do negro que na esquina vende cintos, reloxos e transistores, atento por se aparece un garda municipal para levantar o mercado antes de que llo requisen, unido aos matrimonios que con cativos van tomar o sol na Mariña e o Cantón, as cuadrillas dispostas ao chateo e á conversa futeboleira ou [acerca] da corrupción que invade as áreas do poder. Nunha verba, saio da Eucaristía máis feliz.

Hoxe é dos días malos, coa compañía de molestias e canso, sen folgos. Tiña intención, aproveitando o sol, de vagar polo paseo Riazor-Orzán e así botar as teas de araña, gozar do mar e dos exercicios dos surfistas, mais ao chegar aos Catro Camiños dei a volta para a casa, pois a canseira era moita: máis ca de cincuenta e sete anos parecía un homiño

de noventa. As molestias xa eran dor aguda. O carácter, paralelo ao estado físico, sen gana de falar, aínda que fixen esforzos por conversar con Maruja durante o xantar. No interior esforceime para que non saíse ao exterior unha mala contestación, un bufido de gato. Todo me molesta. Decátome de que, nun día coma o de hoxe, o mellor é pecharse no cuarto, e non saen malas contestacións, que non quero dalas e non teño por que dalas, xa que miñas irmás non saben que facerme para que me sinta cómodo, atendido e querido.

A enfermidade é así, o que supón un exercicio de vontade para non amargar aos que me queren e coidan, para loitar contra o pesimismo, amargura e tristura. Como di o dito popular: "Hai que facer de tripas corazón". Si, o corazón ten que medrar para amar, ser amable, mostra de agradecemento con todos os que están pendentos dun.

Non entendo por que unha xornada me atopo menos mal e outra feito unha carraca; parece como se dese un pasiño adiante e dous cara atrás, coma os cangrexos; antonte, por exemplo, estaba ben e fun até o xardín da Maestranza; unha boa camiñada, sentei nun banco cara ao mar, lin unha hora, logo baixei polo Parrote cun paso calmo, coma un xubilado, e collín o bus na Porta Real, xantei con fame e sentinme feliz. Son os momentos de ledicia que nos dá a enfermidade, sen dor, sen tristura, días calmos nos que digo a Deus, cheo de satisfacción: "grazas, Pai, porque hoxe estou moi ben".

Hoxe, xa feito unha calamidade, sen folgos e sen ganas de ren. Nestes días, os máis, temos que poñer en marcha a paciencia activa, isto é, que o malestar sexa foza para os febles, os que xa non queren camiñar polos vieiros do compromiso evanxélico. Son os momentos nos que digo a Deus: "Pai, transforma a miña febleza en forza para os que sofren máis ca min, para todos os que están na vangarda da evanxelización, que non cansen ante a indiferenza e as críticas infundadas. O meu carácter amargado, que o escondo todo o que podoo, sexa para que os tristes recuperen o sorriso, os de cara de *estrinxido* a simpatía".

Imos ver como me atopo mañá, agardo que un pouco mellor, que o corviño durma e non amole, que hoxe xa me chegou dabondo.

En dous días dúas cousas, unha por xornada, causaron en min tristura e un sentimento de angustia. A primeira, ver saír da Residencia unha parella nova cun cativo duns 12 anos, supoño que o seu fillo. Ela enferma, cravada nunha cadeira de rodas, a súa cara cadavérica, dunha cor citrina, o pelo curto; o seu home, forte e robusto, cheo de saúde, colleuna agarimoso, con garatuxas e coidado, nos seus brazos e colocouna no asento dianteiro dun coche vermello, meteu a cadeira na portaequipaxe e fíxolle unha caricia ao mocíño, que contemplaba a escena cun aceno de gran tristura, como se polos seus miolos pasase o pensamento de que a enfermidade ía separalo para sempre da súa naiçiña. Perder unha nai tan noviño ten que ser moi doloroso, o compañeiro Manolo sabe diso e ten contado que cando perdeu a súa, sendo un mozo, pasou unha longa tempada a esconderse por momentos para chorar en soidade, e escoitei ao bo de Vicente, nunha prédica, falar ben e con sinxeleza: "Na casa onde falta a nai hai coma un baleiro enorme". Vénme á testa, ao contemplar a escena, a dura experiencia dun e a palabra do outro.

Preguei a Deus que me levase a min e deixase vivir a aquela muller nova, chea de ansias e proxectos coma todos os novos. Eu xa vivín dabondo e non desfago familia. Ela, brazo do home, que somos moi valentes e fachendosos, pero non é o primeiro que ao quedar viúvo perde o norte; o agarimo e refuxio do fillo, son elas as que educan, axudan e tolean polo que pariron até entregar as súas vidas. Eu non son brazo para ninguén, e moito menos refuxio e agarimo, ao contrario, son carga pesada para as miñas irmás e os meus compañeiros. Xa estou de máis nesta Terra fermosa, hoxe mollada pola intensidade da choiva, como se chorase polo sufrimento dos seus homes e mulleres.

A segunda é a nova que me deron hoxe: Cuqui está moi mal. Coincidín dous meses na quimioterapia, xa a coñecía de antigo. É unha muller

animosa, sempre di unha verba de alento e esperanza, cun sorriso que vén dicir que hai que vivir, vencer a enfermidade. A súa forza vital é enorme. É nai de dúas mozas, e o seu home, Luís, bo onde os hai.

Cando me deron a mala nova sentín un calafrío polo espiñazo, cunha friaxe interna, e veume a imaxe de Pepe¹, a quen lembro moito, na súa agonía, nese intre de angustia e intranquilidade, para quedar tranquilo cun xesto de paz e benestar no momento da derradeira bafarada. Vino coma se a súa morte ocorrese nesa mesma hora e momento no que me deron a noticia. A angustia entrou aos miolos, non sei o porqué, e tiven a Cuqui², que loitou coa morte durante nove anos -foi cando a operaron-, presente todo o día. Que sexa unha recaída máis e pronto a vexamos loitando de novo coas tebras da morte, falando coa súa simpática desenvoltura e animando a todos a *vivir*.

¹ Pepe é un irmán de Moncho, morto tamén de cancro

² O día 5 de Nadal morreu Cuqui, ou Cuca, como viña na nota necrolóxica.

Estouno pasando moi mal. O corpo está coma ese nubeiro mouro que sae do petroleiro que está a queimarse ao pé da Torre de Hércules. Veu o médico de urxencias, un home atento e servizal. Teño dor polo bandullo adiante -o corviño que está a traballar-, vómitos, mareos. Maquino que xa estou entrando na costa abaixo. Isto non ten remedio; a miña empresa de saúde vai suspender pagos coma eses da KIO.

Prego a Deus valentía para dar unha aperta ao que ten que vir, fortalecéndome na *fe* na vida despois do pasamento, a *esperanza* na súa misericordia, pois teño moito lixo, unha vida na que estraguei moitas horas, chea de palla e fume. Gustaríame ir uns días a un mosteiro, Oseira ou Sobrado, para prepararme, deixar entrar a forza de Deus e ter todo listo para cando o badalo entoe o triste son da morte. Non son pesimista, nin estou triste, mais sinto como o corpo vai caendo, destruíndose coma unha casa vella; hoxe o tellado, mañá un muro e outro muro... até quedar dúas pedras e un silveiral, onde antes todo era esplendor, risas... vida. Penso todo isto e, ao mesmo tempo, que quizais sexa só unha pequena recaída que pasará axiña. A esperanza é o derradeiro que se perde, vén ser unha defensa psicolóxica que afasta o pensamento da morte.

Non o quero deixar para o final, cando un xa non ve nin sente.

Boh, iso de non ver e sentir pensámolo, imaxinámoslo os que nos atopamos fóra do doente, porque o que lle pasa, nos días e horas derradeiros, só o coñece el. Pois ben, non quero que a Unción ma poñan ao final, desexo recibila con plena conciencia, rodeado dos meus. Desexo, non para quedar ben ou para que falen da miña virtude -penso que de virtuoso teño moi pouco- , senón para vivir o pasamento con *fe*, coller forzas para recibilo tranquilo. Por outra banda, maquino que o sacramento hai que recibilo conscientemente, coma calquera outro, para que a graza que encerra dea froito. Miro a Unción non coma un pasaporte que garante a entrada no que chaman ceo, senón coma encontro misterioso con Xesús de Nazaré, encontro de dor e angustia que se transforma en *paz e tranquilidade*, encontro que nos axuda a transformarnos en Cristo vivo, rexurdido; é como se désemos marcha atrás no tempo, identificarnos co camiño do Gólgota para entrar na mañanciña de *Pascua*.

Non me sae da mente o meu irmán Pepe nas xornadas da súa enfermidade. Paréceme que estou seguindo as súas pegadas. Véxoo cando me abriu a porta da casa, no terceiro da Franxa, delgado pero aínda con algún folgo. Díxenlle, despois de saudalo -aínda non o vira dende a súa chegada de Alacante-: "Que delgado estás"! Descoñecía o que escondía a frase; explicoumo Maruja, a que carga con todas as nosas cruces: Pepe estaba desafiuzado, roíao un cancro. Fun con el facer unhas ecografías e xa tiña menos azos, atopábase canso, e díaa que pasaba aínda máis; só lía o xornal, el tan amante dos libros. Ofrecinme a traerlle algún dos que eu tiña en Sésamo. Contestou cun xesto como dicindo: é igual, poida ser que non chegue a rematar a súa lectura.

Veiu a súa muller, visitárono os fillos. Na casa estableceuse a lei do silencio. El tamén a estableceu, pois estou convencido de que tiña conciencia da súa morte, que axiña ou nun intre máis tarde viría buscalo. Nada dicíamos, nada dicía.

Foi perdendo a fame. Comezaron coa morfina e até chegou a calar, sen desexo de falar. As miñas irmás calaban e Dalita insistíalle en que comese algo, que se quería un zume, que se isto, se aquilo... era o amor que loitaba contra a morte. Hoxe a min pásame o mesmo con Maruja: "Qué queres xantar..., qué queres que che traia..., por que non sobes algo para a noite..., por que non tomas un *valium* para durmir, a Rita³ séntalle ben...", e así unha ladaíña coma a guía de teléfonos. O mesmo fai o compañeiro Vicente cando me vén visitar. Decátome de que é polo cariño que me teñen. Eu contesto cun non ou cun non me apetece, e para os meus adentros digo: mira que che son pesados. Decátome do seu grande agarimo, que todo o que din non é por dar a roncha, é por cariño. Adela é máis discreta; e Rita, o mesmo que facía con Pepe, que o

³ Rita (Ritiña) é a irmá deficiente mental.

desesperaba: "Estás doente?, dóche?, e o médico?". Repetido ao longo do día unha morea de veces. Está preocupada e é a maneira de manifestalo; recoñezo que chega a desesperar, e ás veces doulle unha contestación non moi cariñosa. Pésame e doulle un biquiño no que poño todo o meu agarimo.

Cando foi o de Pepe, a miña nai andaba co rosario na man e preguntando: "Pepe morre?". Doeume moito a súa dor e teño pregado a Deus un milagre, eu que non creo neles tal como se entenden. Lembro dicirlle ao Señor: "Cura a Pepe, por mamá!"⁴. Hoxe non se decata de nada, aínda que cando cheguei da Residencia, aló en marzo, preguntou quen estaba enfermo. Mellor que non se decate, pois xa sufriu moita morte. Non podo cansar de dar graziñas a Deus pola naiña que teño, que eu non merezo. Hoxe remórdeme a conciencia por non tela querido moito máis, moito máis.

Que pensaría Pepiño ao verse cada día máis desfeito? Que pensaría da morte? Ergueuse da cama o día que morreu. Na madrugada do 16, coas primeiras luces do día, marchou para a eternidade e o día das Letras Galegas acompañámolo ao cemiterio a familia, só a familia que non vai máis aló dos curmáns, pois temos o bo costume de non comunicar a hora nin o día. Si anunciamos a Eucaristía.

Pepe foise, e nós, de momento, quedamos. Despois marchou Carliños⁵; o corpo quedou no cemiterio do querido Corcubión. Lémbrome moito del, pero vivo, en Madrid, en Corcubión, na Coruña. Non o vexo coma a Pepe na doenza, véxoo vivo, bebendo unhas *copiñas*, rindo ou facéndolle ao pequeno os mapas que lle pedían no colexio. Nin sequera o vexo no Hospital Xeral do Aire, ou cando chegou de Madrid, xa para morrer. Máis ca cuñado, era compañeiro. Cousa curiosa, a Pepe lémbroo nos días doentes e agoniando, a Carlos, cheo de vida e de simpática humanidade.

⁴ A súa nai ten 93 anos.

⁵ Carlos Abella, un cuñado.

Escoitei pola radio, ás tres da madrugada, nun programa ás veces interesante, outras unha parvada, que o doente irreversible coñece que vai morrer, pero, como é moi delicado e considerado, non lle comunica á familia, e esta, sabedora polo médico da gravidade, non lle di nada para non inquietalo. Isto é, veñen firmar como un pacto de silencio. Pola pouca experiencia que teño nestas cousas non sei se isto é regra xeral, pero os casos que coñezo e vivín dinme que quizais é regra. O enfermo sempre ten a esperanza de curar, que mañá se atopará mellor ca hoxe, mais a medida que pasan os días e comproba que esa desexada melloría non se manifesta, decátase de que a morte xa está preto. Cala e non comunica aos seus a súa conclusión para non desgustalos. A familia cala tamén, porque non queren que a morte entre na casa: rexéitana e engánanse se un día notan unha lixeira melloría. Nada lle din ao doente para non asustalo, para que non se altere. No fondo, tanto un coma os outros engánanse.

Veume isto aos miolos porque hoxe, xantando, o meu simpático sobriño pequeno, que xa é un mozo, quedou mirándome e dixo: "Pero Moncho, estás amarelo". E a súa nai reprendeuno cun: "Bueno, Pablo". Eu -debo saír da regra xeral- contestei: "Si, isto acábase, dentro de pouco morrerei". A pobre de Adela comezou a chorar e pregounos que calásemos. Sentín as súas bágoas, pero... a que tanto pacto de silencio? Tiñamos que falar da morte con naturalidade; ela está en min e cada xornada que pasa máis pretiña. Quero vivir, poñerme bo, volver ao instituto, ás Pontes, a Faeira, San Pedro de Eume; mais, se non pode ser, acatemos o que veña, non con amargura, sen preguntar desesperado por que a min. Tarde ou cedo todos temos que facer a viaxe. Tocoume nesta quenda, pois non fagamos reclamacións ou recursos, aceptemos confiados o que ten que vir.

A Vicente xa lle dixen o mesmo hai uns días. El cala e lembra o meu

optimismo cando ingresei na Residencia: "Isto é unha cousa de quince días". Dicíao, penso agora, para enganarme, un desexo que quería ver realidade. Con el falo con confianza destas cousas, e este caderno mal escrito quero que llo entreguen a el.

Hoxe visitáronme Xohán e Charo. Metéronlle forzas ao meu corpiño canso; gocei coa súa presenza. Xohán é un gran rapaz, penso que o seu corpachón é a manifestación externa da súa bondade, e ademais vale moito (que a miña doenza sirva, entre outras cousas, para fortalecer o seu servizo presbiteral). Charo é moi ordenada, gústalle todo ao último detalle, non deixa nada á improvisación, prepara todo con agarimo e poñéndolles os puntos sobre os is ás actividades. Falei da marcha da enfermidade; ao enfermo encántalle contar as súas altas e baixas. Démoslle un toque ás Pontes e bebemos uns cafés.

Collinlle agarimo á vila das Pontes. Está chea delas, para facer honor ao nome; non é bonita, segundo falan os de fóra, que lles debe asustar a cheminea. A min gústame, e considérome un pontés. Non sei se son un sentimentaloido, pero alí onde fun collinlle cariño -o caso das Pontes- e fixen amigos.

Non teño forzas nin para ducharme. Por un nada caio hoxe no baño; sentinme feble e mareado, sen vida, parecía un can despois dunha longa carreira, lingua de fóra e respirando a cen. Por que canso tanto? Monchiño, Monchiño, quen te veu e quen te ve; agora a pagar as que fixeches, o corpo cansou dos abusos e a pasar por despacho de billetes a pagar a conta, e non te queixes, que aínda aguantou cincuenta e sete anos coa túa existencia un moito *anarco*.

Estou pensando para que coño encho estas cuadrículas coas miñas parvadas. É unha maneira de pasar uns momentos, de envorcar nelas a miña situación, os estados de ánimo. Nestas cuartillas vai o que me sae, veñen ser coma un vehículo de consolo, un coller azos, unha preparación para o que vai vir.

Para quen escribo? Para ninguén. Dareillas a Vicente, un home bo que sempre me deu non unha, as dúas mans, nunca as costas; axudoume nas crises persoais e sociais, animándome e botándome algunha ca outra rifa. O que ten un amigo ten un tesouro!

Pasei día de can doente. De onde virá o dito popular castelán "Pasé un día de perros", para significar unha xornada mala, espantosa. Dor, falta de vida, apatía para todo, triste; en fin, case me vin morrer. Agora, ás dúas e media da madrugada, despois de durmir tres horas, estou ben, sen dor, cunha cativiña molestia que non dá a roncha; síntome optimista e dun humor estupendo. A doenza é curiosa: entenderana os médicos?; veste morrer e ao pouco tempo estás coma un caravel.

Estou amarelo, son máis parecido a chinés ca a galego. Foi, a pesar da cor, a mellor noite dende hai tempo, pois despois de recordar, ás dúas e media, volveu o sono e durmín até as sete, todo un récord, mais agora xa ando canso, non podo co corpo, cústame ir dun cuarto a outro, e esta casa non é o andar da Franxa, no que podía pasear en bicicleta. Teño náuseas e ando un pouco peneque.

Fun á consulta, e o médico parece non darlle importancia, escribe e escribe, non di ren por moito que expliques. Deume unhas pastillas e cita para o vinte e nove. Pregunteille se o meu tiña cura, se morrería desta doenza; como enfermo teño dereito a sabelo. Pouca cousa contestou, por non dicir nada; que non me preocupe, que os padecementos do fígado son pesados e longos, que un día se inflama, coma esta tempada, e outro está normal. Ao de morrer non contestou.

Teño friaxe, non externa, é interior, con calafríos e moito sono; péchanse os ollos e a cabeza pésame. Vou dar unha cabezada antes de xantar, para espelirme.

Tomei a decisión de ir a Sobrado falar cun freire, a abrirlle o escondido na cova máis fonda da miña vida. Véxome coma un pecadento, non son santo e a miña virtude non sei onde a gardo. Prego, con toda sinceridade, perdón polos pecados e maldades, pechado no meu cuarto e no acto penitencial que abre a Eucaristía. Fágoo con sinceridade, mirando a porcallada que son e confiando na misericordia do amigo Deus. Para xaneiro, cando o compañeiro e irmán colla uns días de repouso, que me leve a aquel santo lugar. Teño tamén que chamar a Marzoa, un amigo auténtico, para ir ás Pontes, ida por volta - lémbroo na Suíza, cando fun dar as charlas sobre a sindicación no campo, o de *andata-ritorno*, que nos facía escachar coa risa- amañar uns papeis. Todo vai aprazándose para os derradeiros días e despois non hai tempo para deixar todo en orde. Non sempre se pensa en morrer. Día que pasa máis o penso ao ver como o corpo vai derrubándose, fallan as forzas e a cor da pel non quere apear o amarelo, a pesar dos fármacos. Agora todas che son présas. Chegaremos onde poidamos!

Como estaba Viches [Vicente] na Coruña, aproveitei para ir á Caixa poñer a cartilla ao día, e tiña idea de baixar ao centro mercar os Reis, mais as forzas non o permitiron. Díxenlle primeiro: "Imos coller un taxi e acompañasme mercar uns regalos, que os teño pensados". Ao minuto, collido do seu brazo coma un caxato para camiñar, díxenlle: "Imos para a casaña, que non podo máis". Ao ver e sentir todo isto, decátome de que a morte anda polo primeiro andar (vivo nun sexto). A recuperación non é posible. Non son pesimista, quero *vivir*, son realista. A lembranza dos derradeiros días de Pepe faise cada día máis forte.

Señor, estás en min; sen resistencia déixaste levar coma ser que non ten ningunha importancia.

Na Túa grandeza es humilde e eu un fachendoso.
Na Túa santidade xúntaste ao pecado que son eu.
Na Túa verdade ves a miña mentira.

Señor, es formidable!

Axúdame!

Dáme azos para superar a doenza,
non permitas que desespere,
que a amargura se apodere de min.
Dáme confianza na Túa misericordia,
que non a escureza o respecto a Ti.
Mantenme na *fe*, unha fe cativa,
faina medrar nesta hora.

Sinto, Señor, o balbordo da cidade,
xente leda coas compras do Nadal,
ata min chega o ruxerruxe.

Canta grandeza nalgunhas!

Canta miseria oculta no sorriso doutras!

Canto sufrimento e felicidade se esconden neste ruxerruxe...!

Ti, que hoxe te fundes en min,
axuda a tanta e tanta xentiña,
que os ledos repartan a súa felicidade,
que os que gozan da compañía de familia e amigos
a comparten cos náufragos perdidos no ruxerruxe
que semella o bruar da marea.

Señor, axúdame!

Quero fortaleza, non xa física,
a que nace da confianza en Ti.

Non permitas que a inquedaanza entre no corazón,

que a Túa tranquila santidade se apodere del.
Xesús, eu admírote pola valentía,
por unha vida entregada a Deus, ao Pobo,
deixa que me aferre,
coma náufrago a un cacho de madeira,
que xunto a El flota,
á *túa* *persoa*.

"Os que estades cansos, vinde a min, que Eu vos aliviarei".
Vou a Ti, Xesús, coma o náufrago ao madeiro,
admíteme na miña canseira,
coa grandeza, que a teño,
e coa miseria que abonda na miña vida.
Non me rexeites, por favor.
Dáme a Túa man e non me soltes,
fagamos unha das dúas.
Ti, Espírito Santo, alumea as miñas tebras,
sé o facho no túnel.
Dáme *luz* para verme como son en realidade,
non hai peor cego ca o que non quere ver,
Non permitas a miña cegueira,
ábreme os ollos ao Espírito.
Trindade incomprendible. *Axuda, axuda!*

O corvo está con forza dálle que dálle.

Señor, dáme forzas. Por favor!
Axúdame a vencer esta dor,
que vén coma un ladrón sen avisar
e marcha tamén silencioso.
Que marche axiña, Señor!

Estaba ledo pola boa noite que pasei, tranquilo e relaxado. Até me dixeron que tiña mellor cara. Atopábame ben dentro do mal. Agora teño picadas que desfán a un. Que todo sirva para purificarme e purificar. Lembro todas as parroquias onde traballa o equipo das Pontes. Que o Señor faga medrar a semente, xa xermolada, da comunidade, que cheguen as súas xentes a decatarse de que a Igrexa non somos curas e monxas, formámola todos os bautizados e, se a formamos, mellor, construímos, non podemos ser pasivos, temos que coller o caxato e camiñar polos vieiros do compromiso, cada un de acordo coas súas calidades e capacidade, e todos temos capacidade, aquí non serve "non teño tempo", "non sirvo" ou "non podo". Todos, *todos* podemos. Se a dor serve para que medre a semente, benvida sexa, aínda que chore e berre, dende o silencio, que axiña desapareza.

Felices os que non teñen dor; non saben, coma min antes da doenza, o don que posúen. Eu tiña moito medo á dor e preocupación pola dor dos demais. Sempre preguntaba: "Ten dor?", no caso dun enfermo, ou "sufriu moito?", no caso dun enterro. Se contestaban afirmativamente entrábanme calafríos e encollíase o ánimo. Mira por onde, hoxe convivo co meu medo: a dor.

Chegou Adela con Davide e parece que a casa se enche de aire fresco; ás seis marcha a Corcubión. Tiña pensado ir con ela, mais non teño folgos.

Moitas cousas non entran nos meus miolos; unha delas, a do profesor de Relixión de Pablo, que, falando dos eivados, tolemia senil ou subnormalidades profundas, comentou que el coidara á súa nai chocha (xa morreu) porque así facía méritos para conseguir a vida eterna. Doutra maneira: coidábaa para mercar ferrados de ceo. Pablo contestoulle que esa era unha postura egoísta e que el quería a unha tía discapacitada máis cá outras normais, pero que non pensaba en vidas eternas nin gaitas. Estou abraiado do espírito dese cura. E aínda máis que sexa profesor de Relixión. Que sentimentos relixiosos sementa nos mozos? Que crenza pode comunicarlles aos alumnos? Que idea de Deus?

Hoxe sufrín un pouco: dores, mal corpo, falta de vida. De

urxencias apareceu unha médica agarimosa -unha verba amigable fai o efecto dunha pastilla-. "Ramón, non téis por que sufrir, aguantar a dor", díxome con toda a razón do mundo, mais, por non molestar, aguantei até que non puiden máis. Picoume, e o corviño deixou de roer pasiño a pasiño.

Sempre tiven, máis ca medo, pavor á dor. Deus non a quere; pero, xa dentro, o que fai é dar forzas para superala e transformala en paz, felicidade, ledicia, unión... *amor* para outros, amigos, compañeiros, familia ou descoñecidos. Deus non é un sádico e fai o milagre da farmacopea para aliviala ou suprimila.

Bo Deus, graciñas polo Teu Amor non sentido, pola Túa presenza que non miramos, polos Teus coidados que non percibimos. Somos cegos e paralíticos! Ti estás na picada e nas palabras de alento da doutora de urxencias, na pequena pastilla coa súa ciencia escondida; estás presente no cariño de Maruja, na preocupación de Rita, nas bágoas de Adela ou nas chamadas dende Basilea de Peteta⁶, nos nervios de Vicente, na visita dos amigos, no teléfono inquirindo polo meu estado.

Graciñas, Deus bo!

⁶ É outra irmá.

Hoxe quitei unha lousa que pesaba na miña vida e fixen un acto de humildade. Descubrinlle o acochado no fondo do meu ser a un freire de Sobrado. Xa que non podo ir eu, veu el a min. A idea non é de agora, era algo que pensara hai moito tempo, cando o corpo aguantaba todo o que lle botaba. Doulle grazas a Deus, que puxo nos beizos e no corazón as verbas para erguer a lousa e dar unha aperta á irmá humildade. Cando quedei só, lin con moita calma a parábola do fillo pródigo.

A doenza vai para diante coma un exército vitorioso que derruba toda heroica resistencia. O corpo, xa en franca derrota, só está á defensiva para evitar dor e depresión. As bandeiras inimigas, non se sabe cando, axiña ou máis adiante, lucirán con todo esplendor no centro neurálxico da defensa. Se, por unha banda, o físico cae e se rende, o espírito cada vez ten máis moral, está máis forte. Se pouco a pouco miro o mundo máis lonxe, sinto a Deus máis preto. Paréceme que me fixen máis espiritual; é lóxico, pois pouco ou nada queda por facer aquí, o tempo para iso xa pasou e aquilo que non fixen queda sen facer, non valen substitutos. Este tempo de estar e non estar hai que enchelo de espírito, ir suprimindo a materia.

Non sei o porqué do meu respecto á morte: ponme nervioso, inquedo. Nos enterros, acompañando o cadaleito á igrexa, ao cemiterio, ía calado e preguntándome o porqué da morte, ía máis triste e concentrado ca os propios familiares. Non puíden acostumar-me aos enterros, nin aos funerais, nin ao ruído da caixa empurrada polos familiares para metela no nicho. Cando remataba todo, soltaba un "por fin" de alivio. Dábame rabia o falar dos acompañantes, polo pouco respecto que demostran ao misterio da vida, como [me daban] noxo os cregos que fan enterros como se estivesen facendo filloas e están nos funerais como se aquilo non fose con eles. Penso que con tanta pastoral funeraria perden humanidade e, ante a dor allea, boas son pesetas. Que prédicas non sentidas cheas de parvadas, que ritos realizados de maneira que ofenden, que maneira de berrar, de mirar para todas as partes como se buscasen algo ou alguén!

Cando comunicaban que a morte estaba nunha casa da parroquia, mandaba o nervio. Sempre o dixeran a todas as persoas que quixesen escoitalo: non me gustan os enterros. Pouca fe? Pouca confianza na continuación da vida despois do pasamento? Pouco Amor e Esperanza? Téñome preguntado non unha, mil veces: Que se esconderá detrás dun frío certificado de defunción? Cando morremos realmente? Que pasará cando xa non podemos comunicarnos cos vivos? Tantas e tantas preguntas! Na predica intentaba comunicar, non a miña angustia, [senón] a miña *fe*, con sinxeleza e sentindo cada verba; proclamaba o evanxeo do primeiro día da semana: "Non busquesdes entre os mortos ao que está vivo"; outras, o de "Vinde a Min os cansos". Algo quedaría, non sei.

Agora serán outros os que fagan o que eu facía. Que o realicen con dignidade, e a min, protagonista pasivo do rito, váiseme descubrir o misterio que transforma a *fe* en realidade e o meu nerviosismo

desaparecerá. Hoxe agárrome a Deus para que me axude a pasar o momento, que me admita e recolla a miña vida con todo o que ten de bo e malo.

Hoxe pasei un bo día. A dobre dose do calmante funciona. Deus, que dure a bonanza! Xantei con ganas como hai tempo non o facía. O día calmo anima, e se os pasados vía a morte pretoño, hoxe mireina lonxe, moi lonxe. Non importa cando chegue, o que si importa é que entre sen dor e lenta agonía angustiada. Non o permita Deus. Se marchase o corviño para sempre!

Maruja cóidame tanto, que xa é pesada. Decátome de que todo o que fai é movida polo cariño. Hoxe, aínda podo moverme, meterme só na cama, levatala cando me ergo, prepararme un café. Estou feble, iso non o poño en dúbida, pois xa non teño folgos para ducharme e teñen que axudarme. Pero da ducha a non poder coller unha cunca, botar o café e un pouco de leite, aínda hai moito camiño. A pobre, que carga con todas as enfermidades que pasaron pola casa e agora coida á mamá con paciencia e agarimo, desfáise en preguntar e servir. Se en cinco minutos non demanda vinte veces "cómo estás?, tienes molestias?, no te gusta?", non queda tranquila. Se non sobe ao meu cuarto a mazá que adoito comer ás seis da mañá, non vive. O enfermo vese, con tanto e tanto coidado, coma figuriña de cristal que pode escachar en calquera momento -en realidade éo-, coma un espantallo que non serve para nada, só para dar traballiños -outra realidade-. Deixo facer, calo para non dar un bufido e, no silencio, agradezo tanto mimo pesado, manifestación de cariño. Pobriñas as persoas que na derradeira enfermidade non teñen o agarimo e consolo dos seus; xa poden ocupar unha *suite* na mellor clínica do mundo, mais se están sos, sen familia ou amigo, sen unha man do mesmo sangue, ten que ser cousa ben triste, e peor se están nun hospital, onde a maioría das veces falta a calor humana, que é suplida pola friaxe da técnica.

Moitas graciñas tés que darlle a Deus, pois puxo a Maruja, que che axuda, que te anima e mima; a Adela, Ritiña e Peteta, que dan calor

familiar; Vicente, que consola coas súas visitas, sempre cargadas de humana relixiosidade; ao equipo das Pontes, que sempre entra na casa cun sorriso nos beizos que borra pantasma; polos amigos que dan unha aperta na que lembrás andanzas e esqueces o sufrimento presente. Es, meu amiguíño, un privilexiado. Agradece os mimos pesados de Maruja, as constantes preguntas de Rita, a discreción de Adela e as bágoas de Peteta.

Esta noitiña a xente vólvese tola por despedir un ano e recibir outro. Ceas, música, alcohol... esmorga, Recibireino na cama, e teremos que dar grazas a Deus polo que está a piques de rematar e alento para empezar con ledicia o 93, aceptar o que me teña reservado: paréceme que unha praza na barca que leva á outra beira. Se teño folgos, tomo as uvas con Rita, que nunca as perdoa, e a serva de María que coida polas noites á mamá. Imos ver como estou: o máis seguro durmindo, pois as pastillas danme un sono de moito carallo.

O 92 paseino entregado aos médicos, cirurxiáns, enfermeiras e demais xente de bata branca ou verde. Foi un ano tranquilo e frutífero; movinme pouco ou nada, e maquino que dei máis froito ca indo dunha parte a outra. Sentín a necesidade de orar, apreciei máis a amizade e redescubrín o cariño familiar. Cousas que eran para min de interese pasaron a segundo plano e cheguei a decatarme de que é máis importante a calidade que a cantidade; descubrín o valor do sufrimento e a grandeza do silencio. En fin, un ano de descubrimentos; feito un Colón ou galego universal. Para descubrimentos, o que me agarda no 93!

Señor, xa abriron a Porta Santa neste Ano da Perdoanza. A miña, pequerrechiña e pobre, xa está aberta, agarda que por ela entre a Túa infinita misericordia.

Abre Ti a gran porta da *luz*
onde non hai bágoas e tristuras,
dores e angustias,
onde *todo é amor*.
Eu non teño ren que ofertarche,
só a miña vida chea de lixo e miseria,
mais Ti non a desprezas
porque un corazón contrito vale máis que os rituais.
Sonche pobre, Señor, e por non ter,
non teño un gran de santidad,
a pouca que posúa é Túa, a Ti pertence.
Non teño vida, pois xa é propiedade Túa,
fai con ela o que queiras,
gustaríame que a cinguises á Túa
e facer unha das dúas.
Non teño acougo, ando inqueda
agardando o son tristeiro da campá
que chama ao corpo a ser po.
Transforma, Señor, o po en *luz*
en *verdade*
en *ledicia*.
Sonche pobre, Señor, mais teño moita largueza,
a do *teu perdón*.

Os foguetes estoupan no aire e pola Radio Galega lanzan un pasodobre, por algo nos chaman os "andaluces do norte". Sinto o chocar das copas cheas de cava e as parvadas dos locutores. Xa estamos no 93. Un ano vaise e outro vén. Para moitos será o derradeiro, eu teño todas as papeletas, menos unha, para a rifa e, coma min, outros miles de persoas. No mesmo tempo, novas vidas entran no mundo, vidas de esperanza e ledicia ou vidas, *as máis*, condenadas ao desespero e tristura, cheas de morte. É noite de ilusións e desexos de felicidade centrada no éxito, no triunfo, nos cartos, o único valor cotizable hoxe en día. En fin, 365 páxinas en branco que hai que encher. E o 92? Xa ninguén o lembra, queda no baúl dos recordos e acudimos a el nos xantares e ceas de amigos. "Lembras cando te metemos na Residencia un día de febreiro?". "E cando xa te daban por morto?". E entre risada e risada, "si ho, e aquela vez?". Risas e bo humor, o propio desas xuntanzas. Se están no outro lado do espello, "acordádesvos de Moncho?", "si home, cando estaba de arrotada escachabas de risa coas súas saídas". E continúa a risa e bo humor. Que ceas aquelas! Toda a panda xunta cantando aquilo de "UU... UPG". Aquelas despedidas de ano en Sésamo, nos anos que con esperanza sen límites, con moita ilusión, loitabamos contra o franquismo. Cantos recordos! O ano que hoxe morreu despedírao en Corcubión, xa mal e flotando no aire a lembranza de Carlos, o inesquecible Carlos. Os mozos, despois de comer xuntos as uvas, menos eu, que o fixen con pasas, marcharon a Cee de troula até a mañá; foron chegando a contagotas, ás seis, ás sete, ás nove o Pablo. Quedei con Adela, mirando para a *caixa boba* cómo unhas *femiazas* se quitaban a roupa, cousa que realizaban con moita arte. Ha! Ha! Vimos despois unha obra con Lina Morgan que nos fixo moita graza.

Volven a estoupar fogos de artificio. Aparquemos por unhas horas a fonda crise, que mañá é outro día.

Comezamos unha semana! Cantas quedan? Nin a ciencia pode

dicilo. No meu caso aínda non ten o monopolio de poñer límites á vida. Si os ten a natureza, de acordo coa fortaleza de cada un, que pouco a pouco vai caendo.

Os que me veñen visitar son, como se dixese, os íntimos, os máis amigos -Vicente non entra nesa categoría, pois somos coma da mesma familia con apelidos dispares, aínda que tomados da natureza, Cerdeiriña (cerdeira pequena), Valcarce (río)-. Cando lles comento que esta é a derradeira enfermidade e que xa estou na fase, non de detela, senón de paralizar a dor, xa terminal, a maioría cala e nalgúns ollos vén a humidade; outros, con toda a boa fe e movidos pola amizade, protestan das miñas palabras e intentan darme ánimos: "Pero, que parvadas dis?", "Se hoxe téis mellor aspecto cá última vez!", "Ti, que es tan animoso, parece mentira que penses esas cousas". E cando se despiden, xa na porta, agárrante con forza polos brazos, coma para transmitirche parte da súa saúde, e soltan: "Hoxe téis a moral moi baixa, saca esas cousas da cabeza". Ti sorrís coma un parvo e dis o primeiro que se che ocorre: "Boh, temos que organizar unha grellada coma a última de setembro, a carne era moi boa". Rimos, non sei o porqué. "Adeus, adeus, deica outro día e eleva a moral".

Quedo cos primeiros, teñen ollos e comprobán cómo cada día que pasa teño máis e máis aspecto de caveira, decátanse de que teño razón e calan, non perden o tempo consolando con mentiras. Os segundos vense na obriga de perder verbas para dar un falso consolo e aínda que comprobán a verdade do que digo, pois tamén teñen ollos, cren que é obra de caridade ese falsario falar. O enfermo non sempre ten o mesmo ánimo, é verdade, este sobe e baixa de acordo co estado físico, pero unha cousa é o ánimo e outra o estado externo, ao que por momentos, incluso ledo e chistoso, se mira feito de máis pel que carne, un bo

termómetro de cara ao futuro.

En fin, todos son bos, pero coa súa maneira de ser e ver as cousas. A todos agradezo o cariño.

Hoxe, aínda que máis chupado, todo son ósos e pelellos, estou contento e relaxado, Estou a escribir cantaruxando unha musiquiña desas que inventas cando te sentes en paz con todos, contigo mesmo e coas cousas; poida ser que inflúa o día, no que manda o Sol, non hai unha nube no ceo.

Viñeron visitarme Pepe, Xohán e Marcialita, cargada cun regalo, un *boli* precioso e o mellor tabaco do mundo coñecido: Celtas. Isto faime lembrar da lenda que campá nun mural en Coimbra: "Se máis mundo houbese, aló chegarían". Alegroume ver esta boa muller que ten a vasoira tola de tanto paseala pola casa onde durmimos Manolo e mais eu; é boa, mais moi simple. Chamoume Claudio, un gran amigo de Saa, alegroume moitísimo escoitar a súa voz; todos os domingos agardaba que rematase cos traballos domingueiros para baixarme ás Pontes. Saa é un barrio simpático, formado por xente traballadora e feitos á súa maneira, son ledos e montan merendas, sardiñadas e festa por calquera causa. Todos estes actos de convivencia formaron unha piña unida, aínda que tamén teñen as súas diferenzas; son relixiosos á súa maneira, coma tantos homes e mulleres da Nosa Terra. Aprécioos e, pola probas que me dan, tamén me aprecian a min. A miña presenza, que foi curta, servira para sementar un chisquiño de *fe, esperanza e amor*, virtudes sempre cinguidas, pois se unha esmorece caen as outras. É curioso -mira por onde se disparou o meu célebre retrouso, que xa hai tempo non sae como chegas a querer á xente, sentir coma teus os seus problemas, chegar a amalos: descúlpalos e dóече cando os critican, con razón ou sen ela. O amor transmítese, e eles algún me teñen, con xestos e palabras, quizais o importante é o silencio, pois o Amor non necesita grandes actos nin discursos, basta un biquiño a un cativo, a unha velliña, unha palmada cariñosa no lombo dun avó ou un apertón de mans a un mozo, todo feito con sinceridade, e nótase, claro que se nota, se son farisaicas ou expresións de cariño.

Hai cinco minutos José avisou a toque de badalo que comezaba a Eucaristía do serán no templo de Santa María. Non sei quen a presidirá. Xúntome a el e a todos os participantes; recibín hai dez minutos o Pan da Vida. Estou aquí, a uns 65 quilómetros das Pontes, pero, por enriba da quilometraxe, está a *fe* que me transporta xunto a Francisco, que o nomeo por ser o decano, cos seus 103 anos, dos participantes na mesa común.

Que a vida de todos nós, Señor, sexa un cántico permanente á Túa misericordia fiel e o Pan que xuntiños, a pesar da separación, comemos sirva para compartir dende ser compañeiros, por participar dunha mesma *fe*, até o traballo, aínda que só sexa colocar unhas flores no altar do Sagrado Corazón, realizado na Esperanza de lograr Comunidade, con todo, todo, metido nun saco cunha etiqueta: "AMIGO. Fráxil. Manter sempre vivo. Medra de xornada a xornada".

Grazas polo Pan, máis que lembranza de Cristo, presenza misteriosa, presenza real. El deixou dito: "Eu son o Pan de Vida". Andamos a buscar milagres por todos os lados, aparicións por outros, e non vemos o gran milagre cotián da multiplicación dun mesmo Pan que está na Gaiteira e nas Pontes, no Cebreiro e na Guarda. Son aparicións dun mesmo Cristo, que cura as doenzas do espírito, dá alentos para as físicas a todos, e cando nos xuntamos dános a man e di: "Ven, non teñas medo, Eu douche confianza no Pai Deus, Eu coido a semente da *fe* coa forza do Espírito Santo. Ven, non temas! Xuntos camiñaremos pola corredeira dura e pedregosa. Se cansas, apóiate en min. Xuntos imos cara ao monte da morte, onde te transformarás en *santo*. Non mires para o Val, aló deixamos as maldades e pecados, conciencia morna, os remendos para tapar os descosidos. Canto máis preto do cumio, máis borroso o Val, coma cuberto de brétema, e ti máis relucente, máis *santo*. Ven, non temas!".

Os Magos, tiñan que ser *bruxos*, deixáronme nas zapatillas, sen pedilo, unha xornada do melloriño; nin a máis cativeira molestia, carácter amable, comprensivo, agradecendo as constantes preguntas de Peteta, con aquel "Estás enfermo?" de Ritiña, cos mimos que me prodiga Maruja... Xantei cun apetito dos mellores tempos. Un día feliz! Regalos de familia e amigos, cousa que gusta porque é símbolo de agarimo. Aló polas sete viñeron Xácome e Carmela co fiel cartón de Celtas, que non esquecen neste día. Cando se despediron, díxenlles: "Antes era deica ao ano, xa veremos se chegamos". Como é día de ilusión non a desfagamos, a esperanza é o derradeiro que se perde.

O peor que estou a pasar son as noites, quedo unha hora e volvo a recordar. Entre quedar e recordar dan as tres, as catro, as cinco... e agardar ás sete para baixar almorzar e a tomar a primeira *pastillaxe*. As horas máis pesadas, de catro a sete, non dan pasado: escribes, les na Biblia, matas os minutos escoitando a radio... Pedinlle un rosario á Sor que vén ás dez da noite coidarnos á mamá e a min, para consumir ese tempo; unha forma egoísta de rezar, recoñézoo, mais quéirase ou non é un repasar forzoso a Historia da Redención, loar á Virxe María e pregar por todos. Unha cousa compensa a outra, así, en lugar de matar minutos apampando, cólloos e aprovéitoos.

Estou un pouco inqueda pensando no infarto, que pode xurdir en calquera momento. Cousa que penso eu, non o médico. Non sei se será polo que hai uns días me dixo Vicente, comentando algunha cousa que non lembro: "Podes morrer durante o sono". A isto sumo as molestias abdominais, os gases e impo, a tose nocturna que obriga a esputar e ás veces dáme sensación de afogo. Xa temos o cadro clínico! O enfermo, aínda que animoso, é moi, pero moi receptivo ao que se di, e, aínda que teña conciencia de morrer, hai que ter coidado co que lle din.

Eu sei que isto é o final, pero ignoro o prazo, o vencemento da letra da vida; quéroa prolongar días ou meses, coma o condenado á pena de morte, agardando por un indulto. Penso que miña irmá, a morte, virá, vén pouco a pouco, cando as defensas sexan derrubadas; e isto séntese pola febleza que entra nun, hoxe máis ca onte; así un día e outro. Prefiro esta maneira de morrer que o infarto. Un que está san non entende isto e pregúntase: "Que lle importará que sexa hoxe ou mañá. Morrer ten que morrer". El está bo e non anda a labazadas loitando coa morte para arrincarlle un segundo de vida. Estou entregado a ela, pero lóitase, non por desespero, polo instinto de vida que Deus puxo no noso ser. Despois da morte, *luz*; mais aínda se quere gozar por un pouquiño desta escuridade.

O enfermo en fase terminal é moi receptivo, é coma a sentinela sempre alerta: unha frase dita ou un xesto feito con toda inocencia aféctanlle.

Todo o que estou a facer, escribo, Non é para que me poñan etiqueta de bo *profeta*; e digo isto porque me chamou Mari para contarme que o dentista arxentino establecido hai pouco nas Pontes me adicou verbas laudatorias: que daban grazas a Deus por coñecerme, que se era un auténtico profeta -será pola barba, que, por certo, hoxe cortei un pouco- e toda a familia está pregando por min -cousa esta que agradezo, pois necesito a oración para non perder a confianza en Deus, para que Xesús me conceda folgos para superar estes momentos-. Gústame isto? Non son cínico e recoñezo que si, agrádanme os piropos, pero ao mesmo tempo toda loanza dáme vergoña, porque non son merecente de loas e decátome do pouco que me coñece a xente. Por onde vou, non sei se será porque intento dar o bo -o pouco bo que teño- con ledicia, non obrigado, gratuitamente, sen agardar recompensa, con naturalidade, deixo un ronsel de cariño, amizades... Non o entendo! Só sei repetir: Que pouco me coñece a xente!, son un saco de pecado, unha moeda de dúas caras.

Cousa que escribo, emporcallar estas follas, interrógame: "Por que coño escribo?". Para pasar o tempo, manifestarme a min mesmo o estado de ánimo, opinións, sempre pobres; como vexo -un condenado a morte- o que me rodea. Porque me dá a gana! No fondo, para dar un cativo exemplo de como *vivir* estes estupendos días, como manexar os pés e brazos para bailar a muiñeira leda da morte.

Non sei que farán con estas follas, cousa que non me preocupa o máis mínimo. Son para Vicente, e se el descobre que poden axudar a algunha persoa, que proceda como queira. O de dar exemplo, non sei se o darei, non son quen para dalo, con toda a merda que teño nas costas; boh, estou un pouco limpo, mellor dito, *limpo de todo*, non desconfíes da misericordia de Deus Pai, a forza do Espírito e o compañeirismo de quen camiña xunto a ti, Cristo-Xesús. Deixa esta faceta do teu fondo galeguismo! Lembra as verbas do cisterciense: "No outro lado da lousa está Deus agardando polo fillo pródigo".

Que Peteta!, a farmacia ambulante. Faime rir coa súa

preocupación; asoma unha morea de veces a testa pola porta medio aberta e pregunta timidamente, paréceme que con medo a un bufido meu, se estou ben ou necesito algo. Parece, pola precaución que toma, que se asoma á gaiola dun león. Suspira e anda a chorar polos recantos da casa. Quéreme coma todas. Sente a miña partida, mais resígnase ante o que sucederá. Do máis graciosa é; se un non quere aburrirse e ten paciencia, deixala falar, falar e falar. Interroga ás persoas de forma directa, pola súa curiosidade: "Quen é, onde traballa, a que se dedica, onde vive?". Vicente di que é a máis simpática dos Valcarce. Lembro como este agosto en Corcubión discutiamos que todas eran simpáticas; pero ela que non, eu que si; entre un e outro, Davide, para picarme, defendía as teses de Viches, rematabamos o conto cun bufido, bebendo unhas cervexas e rindo.

Maruja, non hai palabras. Non se pode pechar nunha liña o que é: a súa bondade, discreción, delicadeza, entrega, sacrificio, amor sincero, desinteresado; nunha verba, é Marta-María xuntas. Coida á mamá cun agarimo digno de admirar, vive o *amor* sen ruído. Causa admiración aos de dentro e aos de fóra. Estanme caendo as bágoas, non sei se de admiración ou remorso por non manifestarlle o meu respecto coa intensidade que merece, de non querela máis, moito máis. Que o Pai Deus supla a miña seca aridez coa súa graza abundosa. Hai beatos -ou seu feminino- que non son merecentes de pisar por onde ela pisa. Maruja é dos santos que chamo anónimos, os de primeiro de novembro, aos que debemos que a Humanidade, a pesar dos fracasos e escuridades, vaia perfeccionándose, distanciándose do *alfa* para estar máis preto do *omega*, triunfo da Perfección.

Paseino... non hai queixa. Mellor onte. Veu Marzoa coa muller e

Eduardo, que me fixeron pasar unha hora entretido. Tamén apareceu Espiña. Vicentiño mañá vai celebrar a Eucaristía e impoñerme a Unción de enfermos. Adela virá dende Corcubión e a Peteta, que sempre anda co pano nos ollos secando bágoas, mandarémola de embaixadora visitar amizades (decidiu quedar tamén; alegreime, porque así estamos os Valcarce Vega que quedamos). Deus conceda claridade para recibir con *fe* e moita confianza o sacramento. Que a todos nos sirva para medrar no amor e na unión. Xuntareime con todos os agoniantes e os que sofren na cruz da enfermidade.

Por que tanto e tanto respecto medroso á Unción? Son partidario da liberdade: que sexa o enfermo quen pida que vaian os presbíteros impoñer as mans e non forzar as cousas dende fóra. Deixar ao enfermo que decida! Pode suceder que queira, pero vai deixando pasar o tempo por aquel pacto tácito de silencio, ou que a familia, pola mesma causa, cale, aquilo de "pode asustarse", "imos agardar", "non chegou o momento"... Non se decatan de que a Unción non é o pasaporte para embarcar nin un certificado de defunción.

Participamos na Eucaristía e non collemos medo ante o Misterio. Celebramos o Bautismo até con bombas de sete estalos sen preocuparnos da responsabilidade na que entramos: morrer con Cristo para rexurdir a unha nova vida con El. Como vestimos a morte de preto, bágoas, cuarto na penumbra, e a enchemos de tristura, a Unción convértese no Xoán de Austria dos Países Baixos.

Todo sacramento é unha *celebración* daquilo que *anunciamos*, unha celebración festiva. Non anunciamos no Bautismo que morrer é rexurdir con Cristo? Na Unción preparámonos para facelo realidade!

*1. Oración na horta das oliveiras. Misterios de dor,
angustia, noitiña, tebras, silencio...*

Prego a Deus Pai valentía para afrontar *con fe* a morte, síntoa preto, moi pretiño. Será hoxe? Será mañá? Se isto último, un día máis para *vivir*. Un novo abrente!

Señor, que veña buscarme cando queira!
Cúmprase a Túa Vontade e non os meus desexos.
Que a morte veña determe cando queira e guste.

Pai Deus, dáme azos para acollela con tranquilidade, sen angustia nin trauma. Que a aperta que me vai dar sexa entre compañeiros; dende o nacemento acompañoume e agora vai manifestar o oculto.

Que sirva para dar vida a outros, para que o oculto, coma a semente traballando na escuridade da terra, comece a xermolar, a manifestar o principio do froito, que rache cadeas que oprimen á Verdade, que abra cadeados que pechan liberdades, fachos que derruben escuridades asoballantes.

Noso Pai que estás nos ceos, fágase a Túa Vontade e non a miña.

2. *Detención e condena a morte*

Diagnóstico, pasan días, caras compracentes, calma. Saín moi ben da operación, cunha recuperación rápida e ansias de entregarme aos traballos parroquiais-instituto. Síntome arroupado pola familia e os amigos, demasiado querido e mimado. Vivo tranquilo sen pensar en cousas desagradables, gústame o que me rodea, síntome feliz.

Paso a paso a calma dá entrada á intranquilidade, como se o vento espertase, primeiro calma chicha, logo brisa reconfortante e por último sopra con forza. Unha dúbida racha a tranquila e, en certo modo, despreocupada vida: isto é irreversible, estou condenado a morte. Comentei o descubrimento, coa risa nos beizos e coma unha broma, con algún amigo. Na familia calei, aínda que llo dixen a Davide, que lle pasou a nova á súa nai, que nada comentou. Xa o sabía -tiven coñecemento despois- dende que rematara a operación, un distante día de febreiro.

Señor, axúdame a prepararme, a non deixar cousa ningunha para o final. Recuperar a Túa amizade, a unidade con Cristo e a forza do Espírito. Unha vez posto o pé no acelerador, Señor, que non volva frear a pesar dos días de bonanza que poida gozar.

Conto, Señor, coa Túa colaboración?

Penso que si. Teño confianza na Túa confianza.

Comecei a prepararme para o ataque final e aínda continuo a facelo, pois sempre nos queda algo.

As caras compracentes pasaron a compasivas, tristes, preocupadas. As atencións cariñosas foron en aumento; sentínome máis mimado, máis querido. A calma, cunha certa preocupación intranquila, permaneceu e permanece no interior; se un pensamento mouro quere rachala de todo, como se de can molesto se tratase, berro: "Pasa can".

A axuda de Deus non falla. Puxen a miña confianza en quen todo o pode.

Agardo aos vixiantes xurados da morte coa súa chulería matona para determe e entregarme ao seu xefe dono do mundo, respectado e temido por toda clase de xentes.

O Señor Xesús está xunto a min e coa súa naiciña, unha vez máis no Gólgota, ao pé da Cruz.

Ao final da tardiña, xa entrado o serán, sentín morrer, tal era a febleza e inquedanza que me entrou no corpo. As miñas gardiás, preocupadas, querían chamar a urxencias e maquinaron que chegara o tempo de *espichala*. Na cama recuperei algunha forza, mentres Peteta chora que chora -vaia axuda-, bágoas por aquí, bágoas por aló, menos mal que non son un aprehensivo, pero a calquera lle comen a moral, xa me vía no cadaleito e en tratos coa funeraria.

Viñeron Marcelo e Marga, rimos: "Pero... esta irmá túa pasa o día chorando; sempre que vimos está chora que chora. Vaia ánimos che dá". Teñen razón. Paso de tanta auga e penso que podía facelo de Toledo cara a Tarifa para suavizar a seca que padecen. Con ela na Residencia sobaban camas. Un sistema non descuberto polo conselleiro de Saúde para liquidar as listas de espera, pois os doentes fuxirían ante tanta bágoa.

Se quere chorar e suspirar que non o faga diante do doente, que ten dabondo coa súa enfermidade!

Tamén viñeron Matías e Eduardo co proxecto de Centro Cultural para Sésamo. Está moi ben, gustoume; leva un palco e gradas para actos ao aire libre, un salón e dependencias, parque infantil. Non sei que conto lles pasa cos de Arriba. Se non están con liortas non viven tranquilos. Hai *sesameiros* que tiñan que estar picando pedra coma nos anos cincuenta, ao besta! Coñezo parroquias que andan con contos e preitos, pero coma esta, ningunha. A pesar disto, téñolles lei e moitísimo cariño.

Ganas tiña de darlle unha aperta ao bo de Matías. Canto temos rido bebendo unhas copiañas e canta troita, que collían con métodos non moi legais, temos comido! Preparabámonos bebendo clarete e cantando rancheiras na vella taberna da señora María, unha velliña un pouco rabecha, que cando servía unha cunca de ribeiro, de tanto que lle tremía

o pulso, ía máis viño a correr polo mostrador, branco de tantos pases de lixivia, que dentro da cunca. "Apunte ben, señora María -dicíamos entre chiste e risa- non botou nada". Quixo que a enterrase eu, cousa que fixen; quitáranme as parroquias ao entrar no Concello como portavoz do BNG, medida que aceptara con dor e recoñecendo a súa prudente legalidade. Quedei a vivir en Sésamo. Xa pasou tempo! Cómo camiña o reloxo: cando un descoida, pasaron quince anos e un sen decatarse.

Hoxe, un día malo: sen dor, pero coma a secadora que tiña Maruja e deixou de funcionar, cascada de tanto andar; primeiro parecía que tusía e veña marcha, até que *paf!*, nin para diante nin para atrás, e tivo que mercar unha nova. O malo é que Moncho non pode mercarse no Corte Inglés.

Que Deus, que o está a facer, me axude. Prégolle tranquilidade para min, protagonista desta obra teatral -tocoume o papel e non vale rexeitalo-, e para as miñas irmás. Maruja xa o é, unha boa cousa, pois, se fose coma Peteta, aviados estaríamos.

Non canso de repetir, nestes malos momentos: que sirvan para fortalecer a *fe, esperanza e amor* aos compañeiros, comunidades, a descoñecidos. Todo se transforma, segundo din os que saben: pois que este mal se transforme en ben.

Que pasará mañá, mellor dito, hoxe, pois xa son as cinco? De momento, coma un bo reloxo!

Señor, graciñas por este novo día,
un novo regalo
que lle fas a este homiño que vai apagándose.
Axúdame a gozalo con Esperanza.

Misterios de Gloria

A Resurrección de Xesús. 1º

Triunfo, nin bágoas nin dores, nin tristuras nin angustias, todo
Luz-Amor

Para chegar hai que loitar, entregar, dar. A suor sae por todos os poros, a pel parece un peleso mollado, os pés cansos e con bochas polas duras camiñadas-escaladas ao monte Tabor.

A marcha continúa!

Hai que chegar, aínda que a canseira, o medo ao descoñecido, sexan moi grandes e tiren para abaixo. Hai que mollar a camiseta, como di un *tiffosi* do *Super-depor*.

Señor, teño que chegar ao cumio!

Comprendo que este berro tiña que dicilo *antes* para actuar *antes* de hoxe, cando estaba coma un buxo lanzal e despreocupado, sen grandes nin pequenas cousas na mochila. Hoxe quero andar, correr, suplir o que non fixen antes. Teño medo a non chegar!

Desexo o lugar da *Luz-Amor*!

Compañeiro Xesús-Cristo, axúdame a conseguir agarrarme na confianza e fidelidade de Deus Pai. Que este desexo de correr, actuar, suor, canseira para chegar, pase aos que sentan na beira do camiño e os obrigue a erguerse para renovar a marcha, para dar forzas aos xeonllos febles que xa dobran, a entregarse e baleirarse do eu para darse. Que non deixen para os derradeiros momentos a dura suba.

Non busquedes entre os mortos ao que está vivo, transfigurado con Xesús-Cristo.

A Ascensión xunto a Deus Pai. 2º

Fin do camiño, descanso, paz

Non o miramos, non podemos escoitalo, tocalo.

Quedamos orfos? Felices os que cren sen ver! Un piropo que nos adicou en vida, cando os seus pés se enchían de po dos camiños e a súa voz resoaba nos vales anunciando a Boa Nova aos famentos de Verdade.

Orfos non estamos, cambia a presenza, a palabra viva polo texto vivo, a miralo en corpo físico, en Pan amasado por mil suores. Agora, somos as súas presenzas *nós*, as súas mans e pés, o seu corazón... o seu corpo. Todo o que é e o que fai é por medio *nosa*, nós anunciamos, falamos, realizamos, construímos por El. Na fin do camiño non hai cruz, sartego, bágoas, tristuras: a transfiguración rematou con toda a escuridade.

Quero esconderme en Ti, Xesús,
coma o picariño esconde
os seus medos no refaixo da súa nai,
onde atopa protección e amparo.
Cando non poida máis,
cólleme no Teu colo,
coma a mamá ergue ao pequeno
para darlle forzas e consolo.
Agarímame no Teu colo!

Non poño datas nas follas que emporco. Tal como ando é unha parvada vivir pendente do número, semana, mes..., todos os días son o mesmo número, nin máis alto nin máis baixo, pois nada teño que amañar, nin participar nunha xuntanza ou quedar con alguén. Todos os días son o mesmo, a diferenza molestias ou non, ánimo ou depresión. A cita coa morte ninguén a coñece. Só ela a sabe, e cando sexa petará na porta e... *adiante!* Para que vou datar estas follas? Podía datalas en plan meteorolóxico, neboeiro, choiva, sol, frío; ou mirando para o que vai vir, cousa angustiada, un día menos, dous menos, tres máis preto, catro menos...

O día paseino así así... Polo serán é cando me sinto sen vida... latexos acelerados, cansazo. Dende a cocíña ao cuarto canso tanto que ao chegar teño que sentar na cama uns minutos para coller folgos e poñer o traxe de durmir; son uns minutos un pouco angustiosos que pasan axiña. Visitas e chamadas, con verbas de solidariedade que animan e dan forzas para continuar.

Din que teño un carisma ou don especial que fai que a xente me colla cariño, que se son moi próximo a todos, que respecto a todos e que, por enriba da idea, poño o valor da amizade. O outro día escribiu de Salamanca un home do pobo, sincero e bo (hai cinco anos que non nos vemos, só nos escribimos unha vez ao ano polo Nadal). Di que cando leron a carta coa mala nova da doenza toda a familia chorou.

Dáme medo todo isto! Asusta un pouco este sementar, sen decatarse, *amor*. Pregunto, non agora, xa moitas veces denantes, se servirá para espertar conciencias, *fe*, crenza na morada en Cristo-Xesús, sentimento de comunidade. Non o sei!

Señor, ten piedade de Todos
os que me aman e amo,

ou tiña que amar aínda máis.
O don, que din teño,
non é meu.
É un regalo Teu para utilizalo
en beneficio de Todos,
para poñelo en circulación
ao servizo do Reino.

Misterios gozosos

María ponse a disposición de Deus. 1º

Dúbida-confianza, orgullo, humildade, medo, tranquila entrega.

Dúbida ante un poste indicativo de camiños. Por cal coller?

Descoñécese o que agarda no remate. Felicidade, desgraza? Risa ou bágoas? Terei forzas para chegar? Non será mellor quedar onde estamos?

Señor Pai Deus, eu xa non teño capacidade de elección.

Elixiron por min!

Os postes indicativos anuncian todos o mesmo
non teñen números indicando días, horas ou minutos.

Só unha verba: A MORTE,
en lugar de números, un interrogante.

Escollín camiños, coma todos, tiven que facelo non unha, si unha morea de veces ao longo de cincuenta e sete anos de vida. De pequeno facíano por min, de mozo e home por min, e algunha custou inquedanza e medo, moito medo, ao fracaso ou a mesma elección. Fíxena ben? Faríaa por aburrimiento ou para dar unha sincera reviravolta á miña vida, como se dunha tortilla se tratase?

Cando sae ben o camiño elixido e todo son aplausos, parabéns, palmadiñas de admiración, o orgullo florece e de tanto repetir o mesmo un chega a creerse un mesías, alguén imprescindible, o líder que ten a obriga de estar en lugar destacado, onde a inxustiza intenta impoñer perdón. Un mira para María, cáelle a cara de vergoña e decátase de que na elección ben feita está escondida a forza de Deus; que hai que tripar,

coma a serpe do mal, o orgullo, e baleirarse coma Paulo até chegar a xudeu co xudeu, xentil co xentil, escravo co escravo, muller coa muller... de *todos* e para *todos*, para loanza e gloria de Deus e rozar novos camiños de fraternidade e convivencia.

Non hai queixa deste día no que os devanceiros daban descanso ao gando, botábanlle ración dobre e levábano de paseo até o adro da Igrexa para ser bendicido polo abade. Costume este que só existe na lembranza dos patrucios. Hoxe, o paso solemne dos bois co seu andar pousado e medido calou ante a mecánica, que fai máis humano o traballo, renxer de eixes, válvulas e o *pof, pof* dos peidos da máquina, que non descansan tal día coma hoxe.

Nótase que son un animal e o santo deixoume descansar sen molestias, con certo apetito e unhas pouquiñas ganas de xantar. Dúas visitas agradables: Claudio e a muller; o home emocionouse un pouquiño ao verme e deume dous biquiños. Non sei se volverei velo, se sería a despedida. Lembramos os callos do Muíño, falamos de Saa, das expropiacións e aínda máis cousas ergueitas con amor, risas, ledicia... Un matrimonio por quen nada fixen pero que nos queremos e en tres anos construímos unha gran amizade. Esta é a que vale, pois non é interesada: "Fixéchesme tal favor, estou obrigado a...". Aquí non existe *fixeches*. Outros que aprecio e eles a min, os da Bouza, a nai, a nora, o fillo e o netiño, un picariño moi simpático que se atopaba un pouco cohibido, viñeron con regalos: que se un cacho de pavo -"Cando o matamos, xa dixen: este anaco para Moncho", contoume Inocencia, a avoa- e grelos (os mellores do mundo danse nesta terra bravía pero humana). Algo estraño no cemento das cidades, xungla onde cadaquén vai ao seu e nin sabe como se chama o que vive na porta do B ou C. Mándanme recordos de moitísima xentiña que suspiran para que volva axiña. Contestei: "Eu de aquí sacaranme cos pés para diante cara a San Amaro". A Vicentiño non o conto, pois non é visita, é un irmán que axuda escoitando as miñas calamidades da semana, os meus estados de ánimo -consola ao enfermo que o escoiten, cousa que non todos comprenden-, á mañá bótame unha man para asearme; non só é irmán, enfermeiro, o luns. Por último Marzoa, muller e a miña gran compañeira

do BNG, e incluso confidente nun asunto delicado, chegando a chorar diante dela e metidos no 600 que conducía, consolándome e dándome consellos a min, que podía ser seu pai. Cantas lembranzas e andanzas! As liortas nos primeiros plenos, aqueles meses culturais, a loita por conseguir máis postos escolares, a recuperación das festas populares, moitas xa perdidas, os cursos de natación... Todo feito en beneficio dos veciños e sen agardar nada a cambio, nin dietas nin nómina; hoxe todo o pagan e organizan uns contratados, os políticos a percibir dietas e saír na foto. Aqueles primeiros concellos si eran populares e de servizo. Tempos! Tiña gana de darlle dous bicos, como símbolo dunha permanente amizade. Penso que esta si foi a despedida terrea, pois non creo que volva, a non ser que dure un ano ou máis, cousa que dubido, aínda que me gustaría durar máis. Quen non quere vivir, se até o porco berra coma tolo cando o levan cara ao banco da matanza?

Señor, Deus bo,

sabes que sempre che estou a pregar confianza.

Non me consideres pesado!

Ten paciencia! Xa a tés dabondo.

Á Túa Verba, o Cristo, pídlle o mesmo,

igualiño que á Túa Forza, o Espírito.

Ata molesto a María, a Virxe!

Mais, que queres meu amigo Deus,

xa sei que un amigo fiel non traizo,

que dá a súa confianza.

Poida ser que esa especie de desconfianza

sexo polo meu sentir galego,

ou porque me vexo ante Ti coma un verme cheo de lixo,

unha limacha arrastrada polo chan,

nunha palabra: UN MERDIÑAS!

Non te incomodes, pero unha vez máis,

nesta noitiña, prégoche:

Confianza!

Gran confianza

en Ti, Pai noso que estás no ceo!

A palabra nace en Belén. 2º

No odio, paz; no egoísmo, entrega; na tebra, luz.

Nun mundo en cambio social, cultural... pouco día e moita noite, o camiño pérdese, descoñécese ou non sabemos por onde coller, limitámonos a criticar berrando, agarrándonos ao onte e desprezamos o hoxe, para quen [para ese mundo] non hai misericordia nin un mínimo de bondade, todo el é desprezable, emporcallado ou corruptor.

No cambio, até o suxire a verba, o valor supremo, fin absoluto da existencia: o diñeiro! E o país convértese nun gran casino: máquinas nas rúas con músicas de reclamo nos establecementos; algúns, en lugar de mesiña de noite teñen unha máquina de vomitar moedas; tanta tasca con oficinas de selado dos boletos das mil loterías que chegan a todos os recantos, até os máis remotos. Para que despois se fale de que a cultura está pechada nas cidades. En cada esquina, un cego regalando, por vinte pesos, uns papeliños que se cambian por centos de miles doutros papeliños de curso legal.

Aparece unha luciña, esperanza dos que forman o primeiro chanzo da monumental escada, admirada polos turistas que miran, cos pés no primeiro e ignorado chanzo, cara a arriba. Na sociedade todos miran cara a arriba, de onde pensan que lles vai vir a salvación. Os de abaixo agardan na luciña que, transformada en Palabra, pregoa: "Ditosos os perseguidos por razón da xustiza e que non se escandalizan das miñas verbas". Seguen a luciña e viven a Palabra os labregos, que proporcionan alimentos, os mineiros, que dan enerxía, os pescantíns, que ofrecen o peixe aos turistas que apampan cara a arriba coa crenza de que a centola é un paxaro que se caza nos cotos señoriais de Estremadura, as persoas boas, que teñen como Osa Maior a *luz* transformada en Verba. Aínda ten pouca forza a Luz, é pequerrecho o

son da Palabra, pero con traballo comprometido, esa Luz-Palabra reinará no Universo e veremos ao Fillo do Home dando unha aperta a unha Humanidade perfecta, onde turistas cara a arriba serán exterminados e a frase "Paz na Terra" será unha realidade, non unha cínica frase convertida en farsa e chiste.

Señor, non sei que dicirche!

Ti estás en min e eu en Ti,
os dous formamos coma unha *unidade*.
Ti es a máquina que empuxa, fai moverse aos vagóns,
un deles, o de cola, son eu.
Déixome mover pola Túa forza,
é cómodo descargar todo en Ti.
Ti podes coa miña pouca *fe*, coa miña bagaxe pobre,
coa miña maleta cheirenta polo lixo que garda.
Hoxe, porque Ti non cansas de empuxar,
teño máis apego ás persoas ca ás cousas:
os libros, orgullo de home sabido,
recordos de persoa de mundo,
pósters de activista...
Pasan xa sen importarme e entran as persoas.
Xa non me preocupa a reputación,
só amosar aos amigos
que, por enriba de cousas que parecen importantes,
está o valor da fidelidade, firmeza no apuro, a *amizade*.
Ti e mais eu somos amigos,
non polo meu esforzo,
que pola enerxía que me leva cara a esa amizade.
Ti non me rexeites, Señor!

Ao longo da existencia rachei eu: porque non sabía que perdía a amizade, o estar en min, o estar en Ti. Unha e máis veces volvía, non rexeitabas ao último, enganchabas e : "Señores pasaxeiros, o tren da amizade vai saír, aló marchamos cara a Deus, onde es Rei xunto co Pai e co Espírito".

Grazas, Resucitado!

Non me deixes nestes dramáticos momentos,
como che dicía non sei cando.

Colle da man e fagamos unha soa das dúas,
a Túa e a miña.

No fondo, Señor Xesús, quérote!

Admirar a Túa vida sempre, quererte por sempre.

Grazas pola comunión, agora son Universo contigo.

Día de sol e, segundo día, primaveral. Gustaríame sentar nun

banco do xardín, xa non digo de Linares Rivas, dos que hai á esquerda do Corte Inglés. Ler o xornal, mirando para os picariños correndo, facendo mil e unha cabriola, para desespero das nais que se empeñan en que o neno non se manche e estea limpiño, o que é unha toleada de subnormal, pois un cativo divírtese manchándose, e as que os paren, non todas, queren lucilo vestidoño, o limpo e aseado que o ten, o máis relucente do barrio. Gustaríame ver aos avós xogando coma un neno co seu netiño, non andan coa parvada da limpeza e se se mancha xa lavarán, aínda que por diante escoita a rifa da nora ou da filla: "Mira como traes a Iria, téns menos sentido ca ela", mais o caso é que a tal Iria pásao mellor co avó que coa nai.

Todo isto supóño dende a fiestra do cuarto, onde vexo o xardín cheo de puntiños multicolores que se moven dun lugar a outro. Prégolle a Deus por todos os do xardín: para os cativos, felicidade, que non teñan padecementos e se críen fortes e rufos coma repolos; que mañá, axiña chega, sexan homes e mulleres enteiros que non se vendan ao mellor licitador, que xunto á técnica porten humanidade e non se transformen en fríos robots. Para as nais, en lugar de tanta menos mancha, máis limpeza, non exterior, senón na educación, e que axuden aos fillos a ser persoas enteiras, totais e non só de camisa. Para os xubilados, que non lles falte agarimo e compañía, que lles demostramos o noso agradecemento polo moito que lles debemos. Tamén imaxino a xubilados en grupos, gozando do sol -eles si saben gozalo-, falar de tempos pasados, anécdotas que os devolven á mocidade, contos de guerra; son a historia viva, da represión, anos da fame, vodas dos fillos... tamén desafogan, son compañeiros cos que se pode ter confianza: que se a filla ou a nora lle fixeron isto ou o outro, que se non o queren ben, só pola pensión, que se o consideran un estorbo...

Deus quere a todos os puntiños multicolores!

Señor, Ti estás neles, que sexan conscientes desta misteriosa eternidade.

Vaia picada me deu o cabrón; non merece outro nome, o meu invitado; ten que estar cheo, pois deuse un banquetazo de voda: o corvo. Estas xornadas, polos calmantes, estaba o tipo máis modosiño que *niño pijotero*, educado nun colexio onde vai o fillo con *papi* ministro de Educación, ou de calquera outro ministerio de gabinete *sociata* e obreiro, defensor, con ardor e forza para convencer, do ensino público.

Ve o médico, e *banderilla*. E agora estou coma un caravel feiticeiro, coma para ir de *ligue*, non esquezamos que os maduriños estamos de moda. O corvo volve a ser paxariño mansiño e pouco falador.

Deus actúa así, médico-calmante, palabras de alento, quitar importancia á crise. Ese é o gran actuar do Pai Deus; non intervén ao son de marchas triunfais, con beatiños, que nin se sabe se chegaron a persoas menos malas, inmortalizados en estampañas, medallas e demais quincallada. Deus fai ás agachadas as cousas e contando con nós; o exemplo témolo en Xesús-Cristo, un home que sente canseira e senta á sombra dunha figueira; que lle apetece, nas tentacións, tirar todo pola borda e a vivir, que son catro días; que sente angustia previndo onde o conducen os seus actos e ditos, coma o noso estado agardando a carga policial; que conta cun grupiño de colaboradores que envía emparellados a anunciar o Reino e despois van dar testemuño Mediterráneo adiante.

Maneira ben silenciosa, oculta, calada de presentarse Deus na Historia Nosa!

Visitas sempre de agradecer. Asústame, máis que gustar, o cariño que me amosan. Que teño eu? Que fixen para tantas mostras de amor?

Un día menos para descubrir o misterio, aínda que poucas ganas teño, sería cínico non recoñecelo. Ese día acéptoo con optimismo e unha maleta -coma as que vendían no Gran Bazar de Istambul- cheíña de esperanza.

Chamou Cape dende Conil; deume unha sorpresa, e moitos, moitísimos recordos, viñeron de súpeto; díxenlle que estaba a pagar as festas de Sésamo, as esmorgas corridas, en fin, que o corpo pasaba factura co carallo do IVE, que se é ruína para o campo galego, como din as labregas, é morte para o corpo. Xácome e o eléctrico, que estaban a facerme compañía, rían a ocorrencia e só repetían: "Este Moncho". Tamén aparece o Sotelo, o que me abriu coma un porco: Que boa persoa e cirurxián é! Son os médicos que fan da medicina unha humanidade. Unha xornada para dar graziñas a Deus!, cousa feita despois de rezar vésperas.

Non hai dúbida de que a doenza é un reencontro con Deus Pai, un achegarse a El na busca, quizais un pouco egoísta, de forzas para soportala con ledicia e delicadeza coas persoas que coidan a un: as sufridas irmás, no meu caso, médico e enfermeira da visita domiciliaria. Esta dobre busca, valentía para ter un sorriso ou risa por calquera detalle que che conten e amabilidade co persoal, volven a Deus. A min pasoume: antes todo era Cristo vida, oración dándolle grazas ou suplicándolle dende o perdón a virtude. Do Pai Deus, nin lembralo nin telo en conta, a pesar da oración de Xesús, oración de El que nos ensinou a nós. Agora, redescubrir a Deus Pai, misericordioso, fortaleza, rocha inamovible na súa fidelidade, namorado do Mundo, que son cooperante con El, co-creador, pois o Universo aínda está a crearse. Se hai un ano me preguntan "Para que serve Deus?", non sabería que dicir, e pasaría a responder apoiado na segunda persoa da Trindade. Hoxe podo responder cun lacónico "para todo!"

Tamén serve para redescubrir a oración, que a tiña un moito esquecida, no baúl dos recordos. Rezaba algo, mais non coa intensidade destes meses; claro que iso ten a súa xustificación. Para todo a buscamos: que se mercas unha leira, que se a nora deu a luz, que se casa o morgado...; no traballo, na vida activa, moverme todo o día, e xa non falemos dos domingos. Claro que orar tamén é a preparación das Eucaristías: axudábanme *Boa Nova, Un caxato para o camiño...* pois non gusto de misa de misal.

Hoxe son un contemplativo e podo orar sen présa, tranquilo e co espírito pousado. Pero descubres -non sei como expresalo- un algo que antes non vías, un ofrecerte á Humanidade, ter pretiño ao equipo das Pontes, ás comunidades parroquiais, ás que non teñen tribo porque non lle recoñecen o dereito para pertencer á de Leví, aos alumnos, ás vellas do *Carmio*, aos compañeiros do BNG. Sénteste máis pastoral, non estás

pero estás. Todo na oración -que non vía cando andaba facendo das miñas- até verte máis pecadento polo tempo perdido e, ao mesmo tempo, veste un pouquiño máis santo. Cabréaste por non orar máis na vida activa, pésache, e preguntas por que non rezarías máis.

A doenza non é todo sufrimento, bágoas, tristuras, ten esta chea de ensino, vén ser unha universidade popular, que axuda a camiñar cara ao final polas leccións que aprendemos.

Seguimos emporcallando cuadrículas, falando doutras cousas que lle debo a este corviño invitado. É a unha e cuarto, tomei a pastilla e xa o sono quere pasar. Bendito sono!

B en espremida, pasada polo batedor, a doenza é rica en vitaminas.

Descubrir outros valores que non apreciamos, eses amigos que se ofrecen para todo e a calquera hora do día ou da noite, a preocupación polo avance do mal, chamadas para dar ánimos e alento, veñen se non molestan poñendo de manifesto a súa delicadeza. Cando estás ben non te decatás desta riqueza, ves outras, coma a simpatía, a ledicia de estar xuntos compartindo momentos felices, a esplendidez...

Descobres a grandeza da veciñanza. Non es un abade enfermo, es Monchiño, un noso veciño, a visita sempre vén acompañada de algo: queixo, ovos, carne...

Escarvas un pouco máis e aparece a auténtica solidariedade en dobre vertente: cos que sofren a peste da fame, campos de exterminio - chamados, para disimular, de "con-centración"-, guerras, toleadas humanas causadas polo poder económico; e cos cravados no leito da dor sen coidados e agarimo, como os que eu gozo, coa familia condenada polo cancro que sofre a nai (causa posible de desfacer unha familia, pois a naiciña é o cordón umbilical entre todos os seus), o mociño agardando a súa fin (comezaba a gozar da vida, quere vivir e vénlle a morte). Tantos, tantos sufridores! Sénteste máis cinguido a eles, coma os bois ao carro, telos presentes e pregas para que a forza de Deus os protexa e non desesperen.

Cos primeiros xa non é suficiente a caridade ou a compaixón: entra no seu lugar a indignación, a bágoa de impotencia e a rabia polo noso pecado, nós somos culpables polo noso egoísmo, polo que fixemos mal ou deixamos de facer, polas mentiras, calumnias disfrazadas de verdade, aquilo de "díxoo fulano, que é moi serio e non é amigo de contos". Botamos balóns fóra dicindo que os culpables son aquel ou aqueloutro país, que é cuestión de etnias, de vellos resentimentos que veñen dostempos do Imperio ou da descolonización; e eu... ¿que pinto nesta

partida? Tirar cartos en cousiñas, queimar cartos en marcas, comer cartos en caprichos, encouzar cartos nas caixas dos bancos. Coa enfermidade non se ten solidariedade de caridade, tense a que di: "Eu confésome pecador...", culpable do que pasa porque é maior a maldade, da que participo coma cidadán desta Terra, que a virtude.

Non teño forzas! Fallo nos catorce banzos que unen a parte do pombal -"niño de amor", como lle chamou Sotelo- coa planta⁷. Será posible? Pois si, amigo Moncho, é posible, e máis que veredes.

Fágase a Túa Vontade, Deus Pai, e non a miña.
A Túa tira para fóra para axudar, consolar, loitar...
A miña é egoísta: máis, aínda quero un día máis.
Queda dentro coma a semente que cae á beira do camiño.
Fágase a Túa Vontade, Deus bo,
que a todos nos tés en conta, preocupámoste, quéresnos.
Áfoga a miña vontade morta porque non dá froito.
Quero dar froito!
Que da miña lenta doenza nazan:
Rosíñas de Paz e Pan,
caraveliños de Amor e Unidade.

⁷ A casa da súa nai é un dúplex. O seu cuarto está no piso de enriba.

Por que pelexamos tanto? Por que mercamos tanta cousiña que

logo non serve para nada? Por que non ser feliz co que se ten en lugar da permanente insatisfacción na que vivimos? Por que? Por que?

Queimamos os cartos! Tiramos os cartos!

Pasamos do xabón barato a converter os cuartos de baño en auténticos laboratorios: luces, espellos de diversos tamaños, burbullas na bañeira, frascos e máis frascos, tubos que conteñen o segredo da pel tenra, moza; transformamos as cociñas en robots: fornos ultravioletas, aparellos para triturar, preparar, cortar, botóns misteriosos que un, por medo ao que poden facer, non se atreve a pulsar, e todo tan ultravioleta para comer unha hamburguesa e comela a distintas horas, uns ás dúas, outros ás tres, ás catro ou ás dez da noite; do cuarto de estar, chamado agora salón de estar, para estar, fixemos a capela da comunidade familiar (orixe do cambio de nome salón=solemne, estar=falar), preside o deus de deuses: unha caixiña de deseño modernista, de cores; cando se acende, dispara, dá hostias, discursos, catástrofes, tetas e coxal; no salón hai silencio, atención, todos miran e calan. A sala de estar trasladouse á de espera do médico e nos bancos de calquera xardín ou estación de autobuses ou tren, a xente fala dos seus padecementos, de onde é, onde traballa, da familia, dos fillos e amigos, das festas da parroquia, que este ano foran boas... Fálase das nosas cousas porque no medio está o Noso Deus, que gusta das nosas conversas, divírtese e fano rir. A casa, co seu salón, déixase para o monstriño convertido en deus por aquilo de "non sexas rariño, hai que ser coma todos".

Por que? Por que? Dende a enfermidade ves todo distinto, tan lonxe e sen valor o que nos parecía preto e importante. Vénme agora, antes de durmir, unha canción dos tempos de loita; o seu autor, Paco, paréceme que Ibáñez, titulouno algo así como *El mundo al revés*. Enfermo, o mundo mírase ao revés.

É un orgullo, non sei se vaidade, que o grupiño de mozos e mozas

que hai tres anos comezaron a preparar a confirmación se chamen, por decisión deles, *Grupo Moncho*. Só fun uns oito meses o seu monitor. A uns, ao fallar eu, pasáronos ao de Paco, gran cristián concienciado cen por cen na vivencia da *comunidade* e un educador do que non son digno de pisar por onde vai; é viúvo, con dous fillos, home e muller, especialista en educación de adolescentes; dende un principio estivo no movemento *scout*, fundador, se non erro, do grupo das Pontes; outros quedarían na *cuneta*, e uns cantos, ao de Charo, segundo me contaron.

Síntome satisfeito de que despois dun ano sen falar e, polo mesmo, sen velos, se empeñen en dicir "somos de Moncho". Queren visitarme, pero convencéronos de que mellor era escribirme comunicando que o 14 de febreiro van recibir o sacramento da Confirmación. O 14 vou emocionarme un pouco e, quizais, algunha bágua botarei. Que a doenza que sufro, entregado a Deus Pai, á súa Verba, Cristo, e á forza do Amor Espírito Santo, o mesmo que dicir a toda a Humanidade das benaventuranzas, lles sirva para manterse na fe; van pasar crises, abandonos e esquecementos, mais que atopen na súa camiñada pola universidade, taller, oficina... un Moncho, mellor ca min, que os axude, comprenda e *ame*.

A mocidade ten os seus valores, distintos aos que nós tiñamos cando eramos da súa idade. Somos froito dunha época e dunhas circunstancias, da que ninguén pode saír ou romper ao cen por cento. Procurei axudarlles a descubrir os valores con moitísimo respecto e cariño, deilles toda a amizade de que fun capaz. Eran matriculados en Ética; tiveron que principiar, como limiar dos cursos, polo ABC, non o xornal *monarcón*, senón o do manexo da Biblia. Non soporto aos que pasan o día poñéndoos a *parir*, dóenme as críticas inxustificadas que lles facemos, non sei se será por envexa ao seu goce da vida, á súa

vitalidade; hai persoas que a todos lle poñen tachas: "Fulaniño, puf, puf, non hai por onde collelo..." \ par de escribir, pois non vexo, péchanse os ollos \, "menganiño, paf, non é para tanto, mátaas calando...", e así toda a lista telefónica. Non me explico tanta crítica, eu xa penso se é por pura e simple envexa.

Tamén hai xente que só defende aos que lle caen simpáticos: estes sonche bos, os outros, a maioría, escora. Non comprende esta xente de distingos, que querer é intentar comprender, que esixe simpatía; se erguemos muros entre uns e outros, alá vai a esencia do grupo coma semente de *comunidade*.

Continúo feble, aínda que un pouquiño máis forte ca onte. Pola mañá, ás sete, sete e media, baixo á cociña a almorzar; e á hora, axudado por Maru, que se desvela por coidarme -día que pasa necesito, síntoo, máis aos demais-, subín ao pombal. Xa non baixei en todo o día. En fin, hai que ter humor para vivir coma un bebé con pelos e un pouco grandeiro para bebé. Mañá virá Vicente para me axudar a ducharme, porque eu só xa non podo.

A cousa funciona porque non hai día que pregue que o padecemento se transforme en forza para camiñantes, activistas, loitadores, pregoeiros da Verdade, e funciona porque, día que pasa, máis canso eu e máis fortes son eles. Imos ver se este transvase vai un pouquiño a modiño, pois a este paso quedo *chupado* de todo. Nestas cousas non hai enfrontamentos, como sucede coa auga. Ofréceste a Deus, abre de chaves, e veña auga tubos adiante, e chégalle a auga da forza do que xa está cun pé no alén \\ teño que parar, pois pásame o de onte \\.

O outro día preguntoume o médico, estrañado pola tranquilidade que tiña, se non estaría enganando a todos. A verdade, non sei a que se refería e quedei un tanto cortado. Chegou a insistir en que se me pasaba algo falase con el coma un amigo que é o médico. Agradechino de corazón! Poucos médicos che son coma este.

Enganar, disimular, non o fago. Teño medo á dor e respecto, moito respecto, á morte, pero isto non quere dicir que estea representando un papel teatral e enganándome a min mesmo e ao público. É Deus o que me dá tranquilidade, ou a forza para tela, cousa que non parece asimilar o doutor; prego, ben ou mal, confesei, levantei a lousa da podremia de moitos anos, continúo a pregar e ofrezco todo ao Todo, ao que anda coas chaves de paso, Deus. Isto é o meu antidepresivo, de momento..., mais adiante non o sei.

Señor, quero dar un derradeiro testemuño evanxélico.
Que outros o perfeccionen e sigan.
Se somos crentes, a miña FE é cativeira,
Ti sábelo!,
temos que saber agardar e abrazar a morte.
Quero dar testemuño neste rematar aos poucos.
Só quero iso, non é esta tranquilidade
exteriorización dunha vida chea de divindades;
ao contrario, é colector de lixo.
Non! Na enfermidade descubrinte e descubrinme.
Quero axudar a outros a descubri-lo!

Moi feble... cantiga diaria de remate de emisión. Veu o doutor.

De novo as quince gotas -suprimira cinco- contra o salouco ou... eu que sei! Na cama estou ben, cómodo e tranquilo. Visitas... nin o cura de sotana branca, dende as cinco e media até as oito e media. Recibindo amigos que animan, elevan a moral e rin coas miñas cousas. Tiven nos brazos a Marta, que riquiña e canto pelo ten; nese minuto que a tiven collidiña veume polos miolos -que cousa- que ten que ser algo especial ser pai, un don de Deus. Emocionoume un pouquiño tela nos brazos! Veu o bo de Pepiño, compañeiro de equipo, púxome ao tanto e que Manolo non anda moi ben. Díxenlle cando marchaba, que a vida, ás veces, hai que tomala de carallada, senón a amargura e o resentimento pápannos. Viva o optimismo! Monis e a muller, tamén das Pontes, *bloqueiros* coma min, coa mesma *fe e* desexos de loitar por unha Galiza mellor: a pobriña, hoxe, anda cun saco ao lombo a pedir polas portas e non recibe nin un patacón, non sabe pedir, a miña pobre, só chorar e aplaudir aos que a venden. Grazas xa non podo dalas -non hai verbas- por tantos e tantos detalles a Vicentiño, a Viches; pasa a tardiña do luns acompañándome e, o principal, aguantando os meus desafogos; é unha persoa excepcional que me ten un forte cariño; bo, pois nun momento sen visitas, tiven un baixón de ánimo falando que son coma un bebé, pois todo mo teñen que facer ou axudar; é un sacrificio máis que presentar a Deus Papá, pero... Por que a min? Aceptei volver a picariño, non me custou moito. O caso é que falando chorei, só chorei diante del; cambiei a chavella e volta ao meu bo humor. Pregúntome: por que chorei? Non o sei. Monis é un gran amigo e militante, pero non o vexo como para emocionarme a súa visita, quizais o ambiente de toda a tarde, ao mellor a tensión que producen algunhas visitas, tamén o escarallado que estou, en fin, chorei, que é san, como xa dixen, deille á chavella e cambiei de emisora por unha optimista e leda.

Di a canción: Xa nos téis aquí, nosa Naiciña do ceo. Si, María, a

esquecida por este teu fillo!

Uns pásanse ao fanatismo:

puxéronte diante coma unha gran pantalla,
unha enorme pantalla.

Escureceron ao Teu filliño...

dor-cruz, sartego-triunfo, servizo-salvación.

Outros, este teu fillo, collemos, metémoste no faiado.

Quedaches chea de po, coma algo inútil.

Hoxe, con moito traballo, intento baixarte ao andar.

Desexo, Virxe María,

que entres nos meus sentimentos relixiosos!

Recuperarte coma nai, para que axudes con Xesús neste transo.

Ti sabes, como muller e nai, moito disto!

Non me rexeitarás, Ti, a humilde escraviña.

Repito a canción: Xa nos téis aquí, nosa Naiciña do Ceo.

Dá ánimos ás irmás:

Maruja, agarimosa e paciente.

Vén ser Marta-María, as amigas de Xesús, nunha.

Peteta, inqueda, non ten parada

e non sabe que facer para parar a doenza imparabile.

Adeliña, que sufriu na súa carne a morte de Carliños,
discreta e sufrindo en silencio.

Ritiña, o corazón da casa.

Acordádevos do que marcha e das que quedan.

Señor, gustaríame ser o meirande escritor, un místico da pluma coma Cardeal, un espiritualista activo coma Juan de la Cruz.

Mais son un escribán daqueles isabelinos que encheron marxes de documentos con "dialecto bárbaro y tosco es el gallego" (isto non sei que lle pasa que non quere escribir, igual se cabreou cos escribáns). A súa idea: pechalo nas lareiras da montaña. Canto mal lle fixeron, mais tamén, sen se o propoñer, canto ben! Pechárono no monte axudándolle a manterse vivo e así pasou aos centros urbanos e principia a xermolar ou rexurdir. Aínda hoxe continúa a loita e con esforzo vai imponéndose o seu doce son en todas as esferas sociais. Como son escribente, cunha diferenza, vivo para a miña Terra, o meu País, *a miña Patria*.

Só podo, Señor, darche as grazas por ser galego, e porque puxeches unha barricada no meu camiño; tiven que parar, e alí estabas Ti, coa Túa misericordia e pedíndome que confiase no Amor Total, incomprendible por ser total. Alí estabas agardándome. Déchesme azos para saltar e deixarme coller para camiñar xunto a Ti.

Grazas por Xesús, amado Deus!
Grazas por quererme!

Recibín a comunión. Que Cristo e a Humanidade doente me axuden neste intre de febleza, sen forzas, medio mareado. Crin que chegara o momento cando fun ao servizo. Quero escribir rápido e non podo, a letra sae pequena, fago esforzos e sae piolleira. Non teño nin ganas de rezar, nin de falar con Deus. Nada me sae, estou seco, coma se o corazón fose de pedra. Mañá será outro día. Perdoa esta sequidade.

Señor, Xesús, recibín cartas de alumnos, que me emocionaron, e de xente das Pontes, que animan; vou durmir, porque isto xa non quere seguir escribindo. Boas Noites, Xesús, Compañeirinho!

Dor

Xesús coa cruz cara ao lugar da morte, 3º

É fácil dicir cruz-triunfo; vivilo é outra cousa. Coller unha torada e cargala ás costas... O demo a fixo! Para sabelo hai que vivilo, de toradas sabe moito Fernando. O que está ás portas do misterio de dor do rosario sabe o que *é cruz-triunfo*. A torada *é* vida, fálanos da beleza da paisaxe, monte, chorima... Mais tamén nos di que non só *é* beleza deste anaquiño de Terra, que tamén se transforma en Universo, con todas as Terras e Galaxias. Mais antes: angustia, respecto, aquel, e mañá? Despois, outro día, pero ao mesmo tempo, cantos faltarán? Adiante coa torada e contento, que levas a Galiza nas costas e pronto se transformará en NOSA, explotará a súa riqueza por ela mesma, os cativiños cantarán ledos: "A Cristo cantamos na *luz* que alumea, a Cristo cantamos co lume da FE...".

Estou chegando á recta final...

Estou chegando á recta final...⁸ Xa teño a perna dereita inchada

coma unha morcilla. Hoxe empezou, e a medida que pasaban as horas máis inchaba. Non teño que pensar nin en recta final nin en chegadas. Pensar na vida fermosa, leda, amiga dos que a coidan e miman.

Lembrar o ben que o pasabamos os *amigolos*: o que nos temos divertido con sinxeleza, con cousas pequenas, como pode ser un fútbolín. Estas lembranzas véñenme neste intre! Todos os días vou recitar o *Himno ao Sol* de Francisco de Asís: un canto á vida, á súa fermosura como reflexo do Pai Deus.

Coñeces a consigna: cantar a Vida, VIVIR A VIDA! Manda o xeneral! Hai que obedecer. Ás súas ordes!

Ando co reloxo que me regalou o meu afillado, hai que escribirlle, non polo reloxo, hai uns cinco anos que o teño.

Mira por onde: na radio andan os gaiteiros tocando unha muiñeira. Hai algo máis vivo? A gaitiña é leda, canta á vida, fai mover as pernas e as mans coma unha corrente que anda polo corpo de arriba a abaixo, de abaixo a arriba. Vivan a gaita e os gaiteiros! Volve a gaita cunha peza chamada treboada, procedente de [?] na Terra do Miño, e agora o

⁸ Estas son as derradeiras palabras do *Diario*, tal como está escrito no caderno. Moncho, de ordinario, escribía na cama, a xeito de borrador. Logo, sentado, cando se levantaba, pasaba a limpo. Iso explica que aparecesen aínda tres follas soltas, de escritura irregular e difícil (ás veces a lectura deixa algunha dúbida). Unha das follas empeza xusto coa frase que pon fin ao *Diario*: "Estou chegando á recta final...".

Non estamos seguros de se Moncho non puido ou non quixo pasalas ao *Diario*. Se fose verdade o segundo, non deberíamos transcribilas. Con todo, na incerteza, decidímonos a publicalas, pois reflicten moi ben o seu humanísimo esforzo por se manter vivo, sen perder o humor e apoiado na súa fe; e Moncho pertence xa, dalgún modo, á nosa historia.

A cronoloxía non é segura, por falta de indicacións. Optamos pola secuencia que nos pareceu máis probable, apoiándonos principalmente na maior ou menor seguridade da grafía.

Favorito, pasodobre, continuando coa gaita de onte, despois dunha noite plácida e descansada. Imaxínate ti bailando coa señora Ramona das Pontes, aínda viva, e coa Genoveva de Sésamo, xa morta hai 6 meses.

As Pontes segue botando fume polo *carallo*, o meirande de Europa, e parindo enerxía para as máquinas que moven poleas, martelos e mesmo conxeladores e cociñas. E a señora Ramona mira para o alto e suspira, ao tempo que di: "Outro día de pan."

Genoveva, desde o seu curruncho do camposanto, mirará aos cativiños, coas mochilas cheas de libros e algún que outro bocata, collerá o coche escolar camiño do colexio e suspírará contenta ao tempo que di: "Outro día que comeza."

No medio eu, cantando a este Sol que fundiu e puxo en fuga a xeadá. A xente sae á compra, pasear, e no vagar sempre atopa algunha coñecida con quen botar unha parrafada, que comeza coa canción do tempo, pasando polas mocías atopadas asasinadas ou das palabras do Presidente sobre os corruptos e críticos da oposición. Todos contentos, cos seus problemas e proxectos. Teño que facer os meus; inventar problemas non, abondo tiven; agora, proxectos si, porque na vida, na etapa na que nos encontramos, sexa cal sexa, hai que proxectar, sempre proxectar.

A choiva bateu nos cristais, co seu redobre de desfile. Un canto á vida, se é civil, para conmemorar o centenario ou bicentenario do nacemento dun científico humanista ou pola defensa do idioma, defensa do medio ambiente. Isto⁹ parece unha parvada, mais non o é; se non mira: catro gaiteiros abrindo a marcha, a continuación, presidente ou delegacións de centros culturais cunha pancarta na que se le o motivo do desfile, e logo unhas 200 persoas segundo a policía local, un milleiro din os organizadores, a xente veos pasar indiferente, sen darlle importancia, e algún comenta cos amigos: "Boh!, os catro de sempre."

Cambia o decorado, gallardetes, bandeirolas e bandeiras, altofalantes con marchas musicais, din que virís, medallas, orgullo de mando, voces ou ruxidos bravíos de macho en celo, olor a canón, resopridos, impaciencias, pés de milleiros de bestas dispostas a dar o calo. A toque de cornetín, ponse en marcha o desfile, incontable o xentío, que aplaude histórico, que berra tolo: "Alí o vai, non o vexo." Caras serias coma feitas a machado, de expresión fera, unha non se distingue da outra.

A xente tristeira, aplaude, dá vivas, mentres o xuíz coma [interrómpese o texto]

⁹ Todo o texto resulta un tanto estraño e de non fácil interpretación. Neste punto concreto, a lectura é moi insegura.

Pasei un día cheo de ansiedade, intranquilidade, gustaríame pisala, esganala, mais [é] escorregadiza, tanto coma unha angúa: cando a tés na man, revólvese e, fuxindo, déixate plantado. E moi incómodo cargar todo o día con ela; tés sono pola medicación, tés ganas, pero non. E non queres durmir polo temor a non espertar; non queres, e fas esforzos por despachala de contado.

A visita dos amigos axúdante [*sic*], fan esquecer por un momento a intranquilidade, pisar a ansiedade. Interésanche as visitas, que por iso nunca molestan, sempre son benvidas. Pois ben, así pasou o día, e a noite xa vai indo; xa son as catro.

Ti, ademais, tés a quen todo mo [*sic*] pode. Lembro no 74, estando na comisaría, nos tempos de cárceres [?] de Franco, a un *rojo* díscolo (outro non, porque non existían outros). Cando nos levantaron o illamento, o compañeiro que me meteron no calabozo, confesoume: "Que sorte tés ti, que tés algo a que te agarrar e dáche forzas para soportares todo isto". Ese algo referíase a Deus. Adiante sen medos!

Confía ao Fiel.

REFLEXIÓNS PERSOAIS (Sobre o Evanxeo dalgúns domingos e festas)¹⁰

*Advento 92 [ciclo] A [domingo] 1^o*¹¹

Señor, ao longo da miña vida non cansaches de petar na porta.

Unha verba, un consello, unha amizade sincera foron e son as
Túas presenzas.

Hoxe petas forte por medio da doenza.

Ti sabes transformar o mal acochado no corpo en presenza
agarimosa.

Axúdame a non pechar os oídos do espírito, a estar esperto e vixiante para decatarme da Túa presenza neste longo padecer que vai arranxando os vieiros da Túa presenza en Galiza e no Mundo, que prepara para o derradeiro Nadal, un Nadal alegre onde non existirán as verbas odio e vinganza, mentira e envexa, inxustiza e opresión, orgullo e autosuficiencia; un Nadal que transformará as armas en ferramentas de traballo, a fame en fartura; onde a Pomba de Paz voará sen medo aos egoísmos que poñen en perigo a existencia.

¹⁰ Son un puñado de "reflexións persoais", case coma *homilías* para si mesmo, que Moncho foi escribindo, nun caderno á parte, xa cara ao final da enfermidade.

As datas precisas van do 29 de novembro de 1992 (1º domingo de Advento) ao 6 de xaneiro de 1993 (día dos Reis).

¹¹ Moncho pon literalmente: Advento 92º (A)- 1º

Grazas, Señor, pola Túa presenza salvadora na doenza.

Ti non queres o sufrir, o que fas é utilizalo para redimirme e redimir á Humanidade doente.

O Evanxeo deste domingo (Mt 24, 37-44)¹² é dos que chamo complicados, por ser apocalíptico. Temos que velo non coma remate da Humanidade, ou coma un canto catastrofista, coma hoxe, na misa da COPE, o vía na prédica un cura dunha parroquia madrileña.

Este anaco de Evanxeo é un canto a unha Nova Humanidade da que somos xermolo e temos que vixiar para que a mala herba non o afogue, atentos para non contaminar e loitar para que medre o gran-gran a gran faise o piorno-. Hai que estar á espreita para que o mal non roube o noso ben. Criticamos a maldade que nos rodea, pero non miramos cara a nós. Quizais durmimos e a forza váisenos pola boca coma un ronquido noitébrego; o meu durmir, aínda que ronque con forza, fai durmir á Humanidade, [fai] que medre a mala herba que afoga o gran, pois non somos individualidade, somos comunidade, e o meu repercute na totalidade para ben ou para mal.

Estes versículos de Mateo son poesía de esperanza. Un dicir que todo o ben que fago transforma a Humanidade, que o meu traballo, por humilde que o considere, por calado e escuro que o mire, é moi importante porque empuxa o Universo á perfección, cara ao Omega, ao Cristo principio e fin de todo o creado. A Historia que é camiñar [cara] á perfección non a fan os que saen nos libros, [aqueles] aos que erguen monumentos nas prazas das vilas, aos que colocan nos altares; constrúena día a día, xornal a xornal, os humildes, os ignorados, os santos anónimos.

Señor, dáme folgos para aceptar a morte, para entrar na Túa claridade.

Teño respecto, Señor, a ese pasar á LUZ, pois fixen moitas falcatrudas e deixei de facer o que tiña que axudar a construír, porque ás veces

¹² Moncho escribe Mt 27,37-44. Corriximos un erro evidente.

quedei sentado á beira do camiño a velas vir, porque outras só botei ronquidos e deixei que a mala herba afogase o ben, que o ladrón entrase na casa para roubarme o ben.

Señor, teño, por outra banda, confianza na Túa misericordia, esa capacidade de perdón que os humanos non comprendemos; coñecémola, porque Xesús de Nazaré nos falou dela e apoio a miña esperanza nas súas verbas.

Axúdame, Señor, a aceptar a morte, por dolorosa que sexa, por triste que a mire, e fortalece a confianza na Túa incomprendida misericordia.

Advento 92 [ciclo] A [domingo] 2º

Cada un de nós tiña que ser un Xoán Bautista, home valente que denuncia a rutina, a falsa virtude, o rito como fin -crer que coa rúbrica nos apoderamos da vontade divina e, así, utilízala ao meu proveito-, o cumprimento da norma para xustificar o vivir pechado na miña torre.

Home que pregoa a verdade, sen medo ás consecuencias, a cada grupo social, relixioso, económico, militar.

Xoán é un home ceibe, non atado a ríxidas normas, a feros dogmatismos construídos polos homes. Todos tiñamos que ser coma el, pregoeiros cotiáns do Reino de Deus, Reino de Paz e Xustiza. Mais o medo a que nos poñan etiquetas -hai tantas- parálizanos e o Reino queda convertido nun canto, un rito ou un dogma; ou traspasamos, como baixo comercial, a un ceo etéreo, abstracto, que se gaña coa cegueira e mudez. Canto máis resignados, máis ceo, canta máis obediencia irracional, máis ferrados de ceo. Se mañá hai que erguer o brazo co saúdo fascista, aplaudir, bendicir e apoiar unha orde política brutal, faise con tranquilidade; na submisión están as accións da bolsa celestial. Se co correr do tempo hai que aplaudir unha orde monetarista que fai aos ricos máis ricos e aos pobres máis pobres, apláudese, porque os bos dividendos celestiais atópanse no aplauso. É suficiente, para lavar a cara un pouquiño, facer de vez en vez unha escura denuncia que todos entenden que vai dirixida a outros e é aplaudida polos estamentos de poder.

Temos medo, si, temos medo a que nos condenen, nos calumnien ou simplemente se rían de nosoutros: unha forma de desprezo. Queremos conservar o bo nome e calamos, que non digan que somos inmaturos -

"Todo o que di é porque non ten a madurez suficiente"-, resentidos -
"Todo o que fai é por un forte resentimento que exterioriza nos seus
actos"-, insatisfeitos -"Non está contento, algo deberon facerlle e agora
non para até rematar coa xente de orde"-...

Chamámonos cristiáns, pregoeiros de Cristo, no que se realiza o Reino.
Tiñamos que pregoalo con verbas e feitos, con mística e acción, para
facer máis real, visible, o Reino; pero o medo a perder a pequena
parcela de poder que me corresponde empurra a buscar xustificacións
para o silencio e mudez, que van dende poñer compartimentos estancos
na vida -aquí o relixioso, alá o social, noutro o familiar, aló o
económico- até identificar denuncia e loita con politiquiña de poltrona.

É difícil ser un Xoán Bautista, como é difícil *amar a* todos, aos pobres,
aos máis, loitando con eles, aos que teñen o poder económico, o que
supón todo o poder, denunciándoos e opoñéndose aos seus planos.

É mellor rezar o rosario ca berrar contra a inxustiza. É máis fácil o
silencio e a mudez ca pregoar que a machada está lista para cortar pola
raíz as árbores que non dean froito.

Señor, axúdame a ser un Xoán Batista dende a dor. Nesta hora,

Señor, estou inutilizado, coma un moble vello que estorba na casa e esconden no faiado ou regalan á institución benéfica. Quero ser moble regalado que continúa a ser útil!

Dáme conciencia de que a doenza é útil.

Forza contra o desánimo para aos que se atopan na vangarda.

Purificación de maldades e egoísmos, envexa e mentiras, odios e vinganzas.

Salvífica para unha Humanidade que vai perdendo o senso profundo de verbas como home, muller, amor, ledicia, felicidade, solidariedade...
Deus!

Axúdame, Señor, a decatarme de que, doente, podo ser un Xoán Bautista que escondido no cuarto espalla semente de Verdade, que o vento da Comuñón Eclesial deixa caer onde poida xermolar.

Arreda de min o sentimento de moble inútil podrecendo no faiado, que a vida non só é acción, que tamén é silencio.

Advento 92 [ciclo] A. Inmaculada

Moita forza se foi con isto da concepción e nacemento de Xesús.

Como pode Deus actuar de maneira antinatural? Se a unha muller sinxeliña do pobo, labrega ou obreira, lle pasase o que lle sucedeu, segundo din, a María, mírase como un monstro o que concibiu: un ser superior que todo o pode, invencible, forte... un supermán ou unha galiña coma a dos ovos de ouro. O máis probable é que fose drogada e violada, pensaría. Si, foise a forza pola boca e até perdemos o aprecio, a admiración e o respecto á xudía universal, un orgullo para os da súa raza, pois non hai muller tan famosa coma ela en toda a historia de Israel.

Temos que deixar as explicacións, teorías, preguntas sobre a concepción e intentar descubrir que nos ensina esta mulleriña, veciña dunha aldea galilea chamada Nazaré, casada, nai dun picariño que vai medrando e se converte, xa mozo, nun problema para as autoridades relixiosas e políticas.

Deixemos as teorías e preguntemos: Que me ensina a muller María para vivir o Evanxeo? Que exemplo me dá? Que me di?

Eu, á Virxe María, perdoe Deus, tívena e téñoa moi marxinada na miña feble relixiosidade; só me quedou, de todo o que me falaron, falaron, falaron... dela nos tempos dos xesuítas, rezar todas as noites o "Acordaos, oh piadosísima Virgen María". Que se é camiño para chegar a Cristo, pódese chegar sen ela; que se é prototipo de muller, eu non sei como foi a súa vida para comprobalo; que se... Boh, moitos máis, coa súa correspondente resposta.

María dime, seguindo o Evanxeo: silencio, confianza e servizo.

A todos nos gustan os aplausos e que recoñezan as cousas que facemos. Queremos ser protagonistas, primeiras figuras. Cando falan de nós, poñémonos fachendosos e se saímos nos papeis somos pavos reais.

María pasa silenciosa, nas puntas dos pés, polos evanxeos. Queda na escuridade, como non querendo estorbar. A súa vida é descoñecida, nada sabemos, porque no silencio descobre que se atopa con ela mesma e con Deus. Nós fuximos do silencio porque nos atopamos con nós mesmos, coa nosa grandeza e coas nosas miserias. Fuximos por medo a descubrir a nosa infidelidade e hipocrisía. Deus agárdanos para escoitar a nosa resposta ao seu chamamento sen verbas. A resposta de María foi *si*, un *si* sen condicións, sen pedir nada, unha entrega confiada no que todo o pode. Nós, buscando o aplauso e con golpes de peito ruidosos, imos tras as loanzas. Nós, con ruído coma banda mal afinada, e Deus, a quen non descubrimos, agardando o *si*. Fuximos do silencio, que é o mesmo ca escapar de Deus.

María está a dicirme: "Ama o silencio", e, coma min, dirás *si*. Convencémonos de que a nosa actividade é nosa, de ninguén outro. Somos os mellores, os máis entregados, os que temos unha mirada clara do futuro. Coma nós non hai ninguén; iguais, pode ser. Non confiamos nada máis ca en nós.

María confía en Deus, no seu facer non ve outra causa que a forza de Deus e por iso é a naiciña do Verbo feito home. Non confía nas súas forzas, é unha humilde escraviña que fai Historia porque por ela entra a divindade na Historia da Humanidade. Non ergue castelos na area, érgueos na rocha, que é a forza de Deus.

Nós queremos e non podemos. As nosas pradarías son areais sen froito. Desfaise o que erguemos, porque só contamos coa propia forza e non queremos decatarnos de que Deus é a forza que nos move, ergue e fai camiñar.

María é perseverante, firme, porque a súa confianza en Deus é ilimitada.

Nós cansamos, desertamos ou instalámonos nunha vida sen problemas, pietista e providencialista, de sancristía e rosarios, de misa e pote; para xustificarnos, cheos de razón, dicimos coa boca grande: "Estou queimado"; ou damos argumentos coma: "A santidad está en salvar almas e non en concienciar persoas".

María, sen sabelo, triúnfala pola súa confianza en Deus. Nós fracasamos por non ver a Deus presidindo os nosos actos, a nosa acción.

Toda a actividade de María transfórmase en servizo cara aos demais. Non é ese o significado das vodas de Caná?

O noso servizo, baleiro de contido, queda en pura egolatría, lucimento persoal, como se fosemos vedetes de revista. Queda en fogos de artificio, luminarias que alumean o firmamento uns segundos para dar paso a horas de escuridade.

Inmaculada ou non Inmaculada, ela dános a lección, somos as mans, os pés, corazón e miolos de Deus, para devolver a Humanidade ao estado de Graza. Ensínanos -Deus descóbrese no silencio- a decatarnos de que El actúa por nós e a entregarnos con humildade a *todos*.

Advento 92 [ciclo] A [domingo] 3º

Xoán ten dúbidas e manda uns seguidores preguntar a Xesús:

Quen demo es? Nós tamén temos escuridades, longas noites de silencio: Camiñarei polo vieiro bo? Estará Deus en min e eu en Deus? Xoán recibe unha resposta, ditoso el. Nós, silencio, ninguén responde. Sen angustiarse, é bo formularse interrogantes, preguntar ao silencio, porque indican unha certa inquedaanza relixiosa, un buscar, unha insatisfacción. Por nacemento, son católico, dunha familia relixiosa tradicional, amiga de curas e monxas, que rezaba o rosario antes da cea. O meu ambiente, curas e templos, procesións e misións populares: son da xeración *nacional-católica*. Entrás na vida e comezas a dubidar, a contemplar a relixión coma unha farsa, o engano do século. Se quedas na farsa, pasas ao bando dos increntes, da indiferenza; ou quedas parado, non evolucionas, home de reloxo parado, satisfeito co ritualismo e moral de *vademecum*, encadeado a aquilo de "doctores tiene la Santa Madre Iglesia...". Até pode un abrazar a causa integrista que endeusa ao Papa e condena a todo o que entende relixión, verdade, dogma, de distinta maneira ca un.

O que pasa da farsa e pregunta, busca; e o que busca, camiña.

Na resposta de Xesús a Xoán maquino que atoparei resposta a algunhas das nosas demandas. Xesús non di quen é; marca o camiño do compromiso coa *verdade*, con El. Vén anunciar a Boa Nova do consolo e a forza, da esperanza e da alegría, aos marxinados do Mundo; un anuncio non pasivo, resignado, senón activo, de acción liberadora. Dise, non sen razón, que se os seguidores de Cristo, dunha ou outra crenza, vivisen o seguimento, terían feita a revolución e dado unha reviravolta á sociedade. Só casos illados se deron e se dan, comprometidos, unha area

na inmensidade do deserto. O que pregunta, busca e transfórmase en area vivificante. Hoxe en día, coma onte e antonte, non se pregunta, non se busca

-ao que chegamos- para quedar, contemplar con ollos acusadores, críticos. Xoán pregunta, os seus ollos non son condenatorios, acepta a resposta, e algúns dos seus pásanse a Xesús.

Camiñamos dando pasos, un, dous... cen, e avanzamos; a unha pregunta, unha resposta, e xa xorden outra e outra. Acepto a resposta como teño que aceptala? Deixo que Xesús entre en min ou mantéño a prudente distancia coma unha obra de arte pechada nunha vitrina de cristal? Deixo que El me leve da man polos duros camiños do compromiso? O camiño é claro, coma auga de manancial; seguilo con *fe, esperanza e amor*, que o espírito crente é outro cantar. Sempre buscando para que as tebras sexan *luz*. Non será o seguimento un preguntar mentres vivimos? A morte é a resposta á derradeira pregunta; con ela, toda dúbida se vai e toda escuridade se fai *luz* ao longo do camiño, hai que perseverar, ser coma cativos que non cansan de preguntar.

Señor, moito pregunto! Hoxe con máis forza, pois no apuro acudimos a Ti. Nos intres ledos aparcámoste coma un coche fóra de servizo.

Ti coñécesme mellor do que eu me vexo, sabes que busco, onte e hoxe, unha resposta ao meu vivir.

Nalgunha ocasión demandei se era sincero o meu actuar como abade.

Se camiñaba polas corredeiras marxinais loitando, berrando, esixindo xustiza cos ollos no crucificado, ou era a fascinación do liderado, o apoio ao grupo político.

Ti sabes, meu Señor, que até con bágoas preguei unha resposta.

Nunha hora parecíame sincero e até orgulloso do meu estado, xa que tamén era maneira de defensa da clerecía tan e tan desacreditada, con razón ou sen ela.

Noutra hora non o vía tan claro, sería orgullo, chamar a atención, utilización útil ao servizo dun ideario.

Mirei os evanxeos, o camiño sinalado, mais todos tiraban de min razoando e xustificando as súas posturas, sementando a dúbida e as tebras no meu ánimo, ou dando folgos para continuar.

Eu abracei a resposta de Xesús a Xoán. Mais non pararon as preguntas, a busca, e na doenza son máis fortes.

Non pregunto o porqué desta doenza, son eu o culpable.

Pregunto se atoparei a Túa Luz ao final do camiño, se me agardas para identificarme contigo.

Eu prego:

coa miña FE feble, coa ESPERANZA no rexurdir, co Amor dado hoxe

ao grupo familiar e de amizade.

Hai minutos que chego a preguntar se o meu orar chega a Ti, Señor. Se estás atento á voz da miña súplica. Quen pode responder?

Advento 92 [ciclo] A [domingo] 4^o.¹³

Xornada mundial pola Paz 93

Paz con luces de cores. Paz nos *tarxetóns* onde se desexa Paz. Paz en pancartas penduradas de edificios oficiais. Paz nas portas da igrexa escrita en grosos caracteres, adornados con pombas, floriñas, paxariños...

Paz en todos os lugares. Paz en todas as bocas.

Na do político que chega a creerse un deus omnipotente, ao que non se pode nin criticar nin levar a contra; quen o fai, desestabiliza as institucións democráticas, que é o mesmo ca cargarse a democracia.

No crego que contempla aos segrares coma *tocacampás*, *acendecandeas*, *monagos* ou recadadores de cartos, que el só ten o dereito de administrar como único pastor dun rabaño de ovellas sen voz nin voto, cun dereito: *obedecer!*

No pai de familia, única voz permitida no fogar, ordena e manda coma xeneral un exército, para quen o diálogo é invento que dinamita os sacros alicerces da *casa paterna*.

Na do militar, conducindo unha tanqueta ameazante ante unha masa famenta.

No *madero* uniformado coma un marciano, preparado para golpear, ao primeiro toque de chifro, aos obreiros que non teñen outra arma ca o

¹³ Moncho pon o encabezado, pero non comenta o Evanxeo deste domingo (20 dec. 1992). Na mesma páxina, separado co típico trazo angular, comenta a Xornada da Paz (1 xaneiro 1993)

perigo de perder o posto de traballo.

Ao oficinista que xoga a partida, despois do xantar, con insultos, berros, cabreos... dirixidos ao compañeiro de xogo.

Ao funcionario que contempla con desprezo e como total ignorante a quen humilde se achega pedir información.

Ao dogmático para quen todos os que non teñen as súas mesmas ideas son imbéciles camiñantes no erro, herexes que hai que eliminar.

Paz na boca..., e no corazón?

Hai que erguer un caseto para a PAZ, mais se eu non levo o meu bloque, a obra non vai para diante.

Palabras moitas..., e bloques?

Os Magos 93

Uns homes saen de si mesmos, que é como dicir da súa Terra, para buscar a *Verdade*. Non teñen nin guías turísticas, mapas, indicadores que sinalan lugares onde ir e quilómetros que faltan, onde descansar e xantar. Saen cunha inqueda: onde atopar a *Verdade*. Non precisan nin guías nin planos, só azos para superar a canseira e o desánimo.

Preguntan e reciben:

incomprensión; que merda de verdade; a única verdade é a ganancia rápida, fácil, que dá prestixio e poder. O que conta son os *cartos*, verdade suprema.

silencio, un encollerse de ombros, indiferenza; xa teño problemas dabondo para preocuparme por cousa sen importancia. Cada tolo coa súa teima; eu aínda non toleei.

engano; para convencer que hai que arar coma todo o mundo; "Deixa a idea da busca e compórtate coma a xente normal", "Así non vas a ningures". Intentan convencer enganando, pola envexa da súa coraxe.

Mais eles continúan o seu camiño.

Superan obstáculos, desesperanzas, amarguras, e atopan a *Verdade* sinxeliña e humilde. Que é? Que descubriron? Un picariño, no colo da nai, que chora porque ten fame, que sorrí ledo e fresco, que no seu corazón a Historia pasada, presente e futura da Humanidade é divinizada. A miña historia, a *nosa* Historia, xa son divinas.

Que fago eu? Busco a *Verdade*?

Maquino que xa a teño por estar satisfeito co que fixen?

Estou xustificado para sentar á beira do camiño?

Na miña busca hai un pouco traballo, un chisco de tempo entregados aos demais, saín en poesías e estudos, en xornais e revistas, para satisfacción do meu ego. Teño calidades boas, faragullas de santidad, os meus egoísmos e unha chea de mentiras.

Que pinto agora polos camiños en busca da *Verdade*! A comodidade bérrame: Nadal! Descansa! Fago caso, sento e miro pasar aos peregrinos cansos e suorentos camiño da *Verdade*. Veño colocarme, hoxe e onte, en plano superior e "sen desprezar desprezando" aos demais, aos outros... aos de vestimenta moura, sempre xuntos coma amantes da color verde, reprimindo a fala patria e desfacendo verbenas; a esas *beatonas* cheirando a cera que comungan coa idea de que o *Pan* é unha aspirina xigante contra a dor de conciencia; aos endomingados *señoróns* que de pé, para ser vistos e temidos, van á misa da unha bicar as mans das señoras e dar vinte pesos para Cáritas.

Decateime, pola bondade de Deus manifestada na cruz da moeda, de que a Historia non é todo escoura, e que se quero divinizala hai que xuntarse aos da cruz. El tomou as miñas muletas e meteuse con forza no camiño cos cansos e suorentos peregrinos, devolveume a capacidade de escoitar os laios dos pobres. Hoxe, dende a enfermidade, fai calar a comodidade e dime: "Máis hoxe, máis ca onte; non basta, camiña". E ensinome o valor redentor da dor, a súa capacidade de divinizar a Historia e achegarse á *Verdade*.

Intento camiñar, nunha man o Evanxeo, na outra un cartelón: *Denuncio!* No corazón, a valentía para non enmudecer e continuar a marcha.

Virxe María! Como naiçiña de Xesús, entrégoche esta ofrenda para o picariño. Que ninguén suba á tarima e sente. Máis humildes saduceos [publicanos] ("Son pecadento, ten piedade de min") e menos intereses particulares, sempre farisaicos ("Eu non son coma ese").